




UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Plan estratéxico

2022 | 2026

Por un futuro sustentable







Índice



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



* Presentación	04	06 Planificación estratéxica	42
01 Introducción	06	6.1 Obxectivos estratéxicos 43 01 Área estratéxica: Docencia e aprendizaxe 43 02 Área estratéxica: Investigación e transferencia 45 03 Área estratéxica: Financiamento e uso eficiente dos recursos 47 04 Área estratéxica: Internacionalización 49 05 Área estratéxica: Responsabilidade social e sustentabilidade 50	
02 Proceso e metodoloxía para a elaboración do Plan estratéxico	08		
03 A UDC en cifras	11	07 Plan de acción	52
Posicionamiento da UDC en clasificacións mundiais 13	13	01 Área estratéxica: Docencia e aprendizaxe 54 02 Área estratéxica: Investigación e transferencia 58 03 Área estratéxica: Financiamento e uso eficiente dos recursos 62 04 Área estratéxica: Internacionalización 65 05 Área estratéxica: Responsabilidade social e sustentabilidade 68	
04 Enfoque estratéxico	14	08 Rendición de contas	77
4.1 Visión, misión e valores 15 4.2 Estratexia de especialización 17 4.3 Áreas estratéxicas do Plan para o período 2022-2026 20		01 Área estratéxica: Docencia e aprendizaxe 79 02 Área estratéxica: Investigación e transferencia 81 03 Área estratéxica: Financiamento e uso eficiente dos recursos 83 04 Área estratéxica: Internacionalización 84 05 Área estratéxica: Responsabilidade social e sustentabilidade 86	
05 Diagnose estratéxica: DAFO	21	09 O marketing e a comunicación no plan estratéxico 2022-2026	88
01 Área estratéxica: Docencia e aprendizaxe 22 02 Área estratéxica: Investigación e transferencia 27 03 Área estratéxica: Financiamento e uso eficiente dos recursos 30 04 Área estratéxica: Internacionalización 34 05 Área estratéxica: Responsabilidade social e sustentabilidade 38		10 Referencias	92
		11 Agradecementos	94
		* Anexos	96



Presentación



UNIVERSIDADE DA CORUÑA





A crise sanitaria provocada pola covid-19 puxo de relevo a grande importancia da investigación e a innovación. Nesta contorna, a relevancia das universidades vai ser crecente, de tal xeito que se van configurar como axentes clave do cambio, chamadas a liderar os grandes retos da dixitalización, a transición ecolóxica e a resiliencia. Esta transformación pasa por achegar solucións globais a estes retos globais dende a xeración dun coñecemento moito máis especializado. A especialización é, ademais, unha oportunidade para a posta en valor da universidade e dos seus campus.


Dende a Universidade da Coruña fomos moi proactivos coa política de especialización universitaria. O noso compromiso comezou co **Campus Industrial de Ferrol** (en diante, CIF), que xurdiu no ano 2016 e se converteu no primeiro campus de especialización da nosa universidade. A nosa aposta non quedou aí. A universidade puxo en marcha dous novos campus de especialización que, xunto co CIF, marcan a aposta estratéxica pola especialización universitaria para os próximos anos. Referímonos ao **Campus da Sustentabilidade**, enfocado a promover a excelencia no coñecemento para a transición a estilos de vida sustentables que protexan os recursos naturais, xestionar o cambio climático e fomentar o benestar; e do **Campus Innova**, que promove o desenvolvemento dun coñecemento de excelencia enfocado na innovación dixital, tecnolóxica e humanística.

Agora queremos dar un paso máis e afondar na visión e a misión que temos para as seguintes décadas. Xorde así o Plan estratéxico 2022-2026, que terá un papel moi importante para dar novas ideas e impulsar plans de acción inspirados nese coñecemento especializado, innovador e inspirador.

Por último, queremos agradecer a todas as persoas a súa dedicación e compromiso coa nosa universidade.

Julio Abalde Alonso

Reitor da UDC



01

Introducción



UNIVERSIDADE DA CORUÑA




Este **Plan estratéxico 2022-26** nace nun contexto de moita complexidade, condicionado sobre todo pola pandemia da covid-19, e está deseñado sobre a experiencia dos plans estratéxicos anteriores que serviron para impulsar a nosa institución e guiala no proceso de desenvolvemento estratéxico.

O primeiro paso foi o establecemento de grupos de traballo arredor das súas cinco grandes áreas estratéxicas: docencia e aprendizaxe, investigación e transferencia, financiamento e uso eficiente dos recursos, internacionalización e responsabilidade social e sustentabilidade. Cunha mirada crítica e aberta dende o principio, partiuse da revisión da nosa cultura organizativa para sentar as bases sobre os obxectivos marcados nos próximos anos. Unha vez aprobada a composición dos perfís dos grupos de traballo polo Consello de Goberno, estes procederon a avanzar na diagnose interna e externa, o que deu como resultado a necesidade de considerar o ámbito do marketing e a comunicación coa finalidade de fortalecer a marca da nosa universidade, darlles unha maior visibilidade aos nosos avances e mellorar o noso posicionamento competitivo.



O Plan concibiuse como unha ferramenta útil de traballo, na que cada un dos grupos estableceu un sistema de planificación cunha tripla perspectiva: a estratéxica, a operativa e a orzamentaria. A execución do Plan tradúcese nun conxunto de programas orientados ao cumprimento dos obxectivos estratéxicos para cada área.



Finalmente, para que o Plan cumpra coa súa función e sexa unha ferramenta útil, dinámica, adaptable a posibles cambios, establecéronse uns mecanismos de control que permitirán o seguimento e a revisión periódica, así como a rendición de contas correspondente.

Proceso e metodoloxía

**para a elaboración
do plan estratéxico**




UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Este **Plan estratéxico 2022-2026** dálle continuidade ao do período 2013-2020, pero non reproduce sen máis os obxectivos, as fórmulas e as técnicas empregadas, senón que se actualizan e se adaptan ao contexto no que vivimos e en función das demandas que esixe o novo contorno social e económico.

O proceso parte da análise crítica da cultura organizativa, formada, entre outros aspectos, polo conxunto das normas e os valores que definen a institución e a diferencian doutras (**visión, misión e valores**). A continuación, realizouse a diagnose estratéxica que inclúe a **análise externa** do contorno, a cal permitiu determinar as ameazas e as oportunidades presentes

e futuras ás que se debe enfrontar a institución, xunto coa **análise interna** da propia organización, coa que se detectaron as fortalezas e as debilidades, ademais das capacidades, recursos e competencias, para avanzar na súa misión.

A actitude da comunidade universitaria implicada neste proceso de planificación foi moi positiva, inclusiva cos axentes do contorno, proactiva e propositiva, enfocada á resolución dos problemas reais e concretos da institución para conseguir unha mellor posición nos escenarios futuros. Así, podemos distinguir as seguintes etapas na elaboración deste Plan:



FASE 01

Formulación da visión, misión e valores, identificación de áreas estratéxicas e constitución dos grupos de traballo

O equipo de goberno elaborou a proposta do documento da visión, misión e valores da UDC e trasladoulle ao Consello Social. Así mesmo, recolleu a revisión do documento feita polo Consello Social, que, posteriormente, foi presentado e aprobado no Consello de Goberno do 25 de outubro de 2021, xunto coa composición dos grupos de traballo. O detalle da constitución destes está recollida no anexo I do presente documento.

FASE 02

Diagnose estratéxica

A Vicerreitoría de Economía presentou o documento definitivo coas achegas, que se someteu a discusión no Consello de Goberno e no Claustro. Finalmente, foi aprobado polo Consello de Goberno do 30 de novembro de 2021 e no Claustro do 10 decembro de 2021.



FASE 03

Establecemento dos obxectivos estratéxicos, os obxectivos operativos e os proxectos ou accións

Os grupos de traballo formularon os obxectivos estratéxicos e plans de acción para desenvolver nos próximos anos.

FASE 04

Determinación de proxectos e accións para dar cumprimento aos obxectivos por áreas estratéxicas

As persoas responsables de cada área estratéxica propuxéronlle ao seu grupo os programas cos que alcanzar os obxectivos operativos e os grupos de traballo discutiron eses programas que conclúen nun documento a partir do cal se poden elaborar os diferentes plans operativos anuais, base dos orzamentos anuais.

FASE 05

Rendición de contas (RC) e borrador

Finalizado o proceso, a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica propón un deseño para a rendición de contas de carácter anual que se concreta nun plan de seguimento que achegue información sobre o cumprimento dos indicadores previstos. Informouse sobre este aspecto o Consello de Goberno o 20 de xullo de 2022.



A UDC en cifras



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Na actualidade¹ forman parte da comunidade universitaria máis de 17.104 estudantes, preto de 1.450 profesores e profesoras e 800 membros do persoal de administración e servizos. Con campus na Coruña e en Ferrol, a súa actividade académica desenvólvese nas ramas de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Artes e Humanidades, cunha elevada especialización politécnica. No curso 2021-22 impartíronse un total de **103 titulacións**

oficiais entre graos e mestrados, repartidos da seguinte maneira: máis de 44 graos (entre eles dous graos abertos, un bilingüe inglés-español, oito que imparten itinerarios en inglés, catro dobres graos internacionais, sete programas de simultaneidade de grao, un en liña, un de formación dual e un interuniversitario); 59 mestrados, 36 programas de doutoramento e 35 títulos propios de posgrao.

MATRÍCULA TOTAL (GRAO + MESTRADO + DOUTORAMENTO) 17.104

Estudantes de grao e de titulacións non adaptadas ao EEES	13.558
Estudantes de mestrado	2.347
Estudantes de doutoramento	1.199
Estudantes en títulos propios	181
Persoal docente e investigador (PDI)	1.444
Persoal de administración e servizos (PAS)	796
Alumnado da Universidade Sénior	749
Alumnado do Centro de Linguas	990

Respecto á investigación, a UDC conta cunha comunidade investigadora de máis de 1.000 persoas entre os seus 97 grupos de investigación. Ademais, na súa aposta pola competitividade, creou oito institutos de investigación e catro centros de investigación.

CENTROS 23

Facultades	14
Escolas técnicas superiores	4
Escolas universitarias propias	3
Escolas universitarias adscritas	2
Departamentos	26

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN 123

Proxectos de investigación competitivos	78
Convenios/contratos de investigación	252
Financiamento externo para investigación	17.632.824 €
Patentes tramitadas	4
Rexistros de <i>software</i>	30
Gasto en fondos bibliográficos e documentais	2.332.756,51 €

1. Cifras de 2021: <https://www.udc.es/es/cifras/>

Posicionamento da UDC en clasificacións mundiais

A UDC é unha universidade nova que está incluída nas principais clasificacións mundiais. Destaca, sobre todo, en accesibilidade, prezo, calidade docente e colocación en empresas (clasificación Forbes). A porcentaxe de inserción laboral é do 70%. O rendemento académico das diferentes titulacións tamén se destaca na clasificación de *El Mundo*. Así mesmo, son salientables as publicacións con empresas e prácticas en empresas (clasificación CyD) e en educación de calidade (ODS 4), igualdade de xénero (ODS 5), auga limpa e saneamento (ODS 6), produción e consumo responsables (ODS 12), segundo The Impact. Hai que salientar que, en relación coa clasificación GreenMetrics, que analiza as mellores prácticas de sustentabilidade ambiental, ocupa a cuarto posto no SUE e o primeiro no SUG. Ademais, dentro do SUG, lidera a produción de rexistros *software*, *spin-offs*, produción de artigos nas tres primeiras revistas, mestrados de excelencia e graos interuniversitarios.

CLASIFICACIÓN	Posición nacional
FORBES	10 de 25
CyD (Contribución ao desenvolvemento rexional)	11 de 79
The Impact	7 de 41
University Ranking by Academic Performance (URAP)	31 (66)
SCImago Institutions Rankings (SIR)	35 (74)
GreenMetrics	4 de 28
Impacto na web	34 de 250
<i>El Mundo</i> (50 titulacións mellor valoradas polo alumnado)	13 de 48 das univ. públicas e 16 de 84 do total

INDICADOR	Posición SUG
Artigos publicados nas tres primeiras revistas (IUNE, 2021)	1ª
Produción científica anual por profesor/a (IUNE, 2021)	3ª
Documentos en colaboración internacional (IUNE, 2021)	3ª
Teses defendidas (Consellería de Educación, 2021)	3ª
Documentos en colaboración nacional (IUNE, 2021)	1ª
Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais (Consellería de Educación, 2021)	3ª
Número de grupos con axudas vixentes	3ª
Sustentabilidade ambiental (GreenMetric, 2021)	1ª
Artigos publicados en proporción nas revistas do primeiro cuartil e terceira en publicacións totais	2ª
Mestrados de excelencia (Consellería de Educación, 2021)	1ª
Graos interuniversitarios (Consellería de Educación, 2021)	1ª
Patentes e rexistros <i>software</i> (Invenes)	1ª
Produción de <i>spin-offs</i> (RedOTRI)	1ª
Prestación de servizos (IUNE, 2021)	3ª
Contratos de I+D por 100 profesores (RedOTRI)	2ª
Posicionamento dixital (Webometrics, 2022)	2ª
Taxa de empregabilidade (Observatorio Ocupacional)	1ª

04

Enfoque estratéxico



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



4.1

Visión, misión e valores²

A situación de pandemia provocada pola covid-19 dende comezos do ano 2020 puxo de relevo a grande importancia da investigación e a innovación. As consecuencias desta crise afondaron nos problemas do cambio climático, a concentración da riqueza, as desigualdades sociais, o risco de exclusión social etc. e puxeron de manifesto os retos globais da dixitalización, na que tamén é necesario potenciar a dimensión humana do proceso de transformación dixital, e a sustentabilidade. O reto global da sustentabilidade evidénciase non só na necesaria transición ecolóxica, senón tamén na dimensión económica e social. Existe, ademais, un risco alto de estancamento da actividade

económica e de suba xeneralizada de prezos, fenómeno coñecido como estagflación. Trátase, por tanto, dun novo paradigma e dun novo escenario que demanda solucións globais nos eidos medioambiental, económico, social e institucional. Estas solucións globais residen na xeración dun coñecemento moito máis especializado, no desenvolvemento da I+D+i e nun papel moito máis proactivo dos axentes capaces de xerar ese coñecemento (universidades, centros de investigación e centros tecnolóxicos). A partir deste contexto actual no que se atopa, a UDC define a continuación, de forma resumida, a súa visión, a súa misión e os seus valores.



A. Visión

No horizonte das vindeiras décadas, a dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e desa transición cara a un modelo máis ecolóxico e respectuoso co medio e coas persoas, e co fin de responder ao reto da innovación dixital e tecnolóxica, a UDC aspira a ser:

Unha universidade xeradora de coñecemento, que dea resposta aos retos sinalados anteriormente: innovación dixital e tecnolóxica, a sustentabilidade ambiental e a capacidade de resiliencia.

Unha universidade que pon ao servizo da sociedade e do tecido empresarial o seu liderado en innovación e desenvolvemento do coñecemento e da tecnoloxía no eido das TIC, que se concretará a través do desenvolvemento dun ecosistema de innovación arredor das TIC, nomeadamente, a Cidade das TIC.

Unha universidade comprometida co fomento dunha vida saudable dentro do concepto *one health*, que poida axudar a unha mellor calidade de vida das persoas e o coidado do medio natural.



B. Misión

A Universidade da Coruña concibe a súa misión como un servizo público, galego e de calidade. Está orientada á consecución de maiores niveis de benestar para o conxunto da sociedade grazas aos avances sociais, científicos e tecnolóxicos logrados, nun marco de valores éticos, humanos e profesionais de xeral aceptación.

Pretende afondar na creación e a transmisión de coñecemento a través do desenvolvemento da especialización dentro dos ámbitos concretos dos seus campus (**Industrial, Sustentabilidade, Innova**) e dunha perspectiva integrada e multidisciplinar da docencia, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia de coñecemento ao tecido empresarial da contorna e á sociedade.

2. Documento aprobado no Consello de Goberno do 30.11.2021 e no Claustro do 10.12.2021.



C. Valores

A UDC, no cumprimento das súas finalidades propias, e como institución pública, rexerase polos seguintes valores e principios:

O compromiso con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega, e a responsabilidade nos ámbitos artístico, patrimonial, arquitectónico, urbanístico, documental ou lingüístico.

A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia ou actividade formativa, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de acadar maiores cotas de benestar social.

A resiliencia. Trátase de manter unha actitude resiliente e proactiva baseada na intelixencia colectiva, o esforzo cooperativo e solidario e o pensamento creativo.

A responsabilidade social da institución coa mellora activa do sistema socioeconómico do noso contorno e coa xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.

A igualdade de oportunidades mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade, e garantir o acceso universal á universidade e o fomento dunha cultura da non discriminación e da inclusión.

O respecto á diversidade de ideas, co fomento da tolerancia e o traballo colaborativo que permita crear unha universidade plural.

A transparencia como mecanismo de rendición de contas e da posta en marcha de mecanismos e instrumentos que garantan a correcta aplicación dos recursos públicos.



4.2

Estratexia de especialización

A Universidade da Coruña está a impulsar un modelo universitario no que a especialización permita potenciar determinadas fortalezas, obter outras fontes de financiamento e conseguir un posicionamento máis reforzado da UDC non contexto nacional e internacional.

A Xunta de Galicia en 2013 proponlles ás universidades galegas a posibilidade de conseguir o recoñecemento e a acreditación dos seus campus de especialización. Deste xeito, a UDC pon en marcha tres: o **Campus Industrial de Ferrol (CIF)**, o **Campus Innova** e o **Campus da Sustentabilidade**.



Campus Innova

O **Campus Innova** céntrase na innovación dixital, tecnolóxica e humanística, e potencia aspectos singulares que posúe a UDC, como a súa hibridación con outras áreas de coñecemento, como son as humanidades ou as ciencias da vida, e do desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras en diferentes ámbitos, como a enxeñaría civil, a edificación, a aeronáutica ou a bioloxía avanzada. Con esta especialización a Universidade da Coruña busca consolidarse como un polo de coñecemento de excelencia na innovación dixital, tecnolóxica e humanística.



CAMPUSINDUSTRIAL

Campus Industrial

O proceso de especialización comezou en 2016 no **Campus de Ferrol** a través do **Campus Industrial**, co que a universidade busca contribuír ao desenvolvemento da industria intelixente e a fabricación avanzada nos sectores industriais estratéxicos galegos, entre eles o naval, coa aposta por seis ámbitos de especialización como son a robótica industrial, os materiais, a optimización de procesos industriais, a enxeñaría naval e offshore, a xestión industrial e o desenvolvemento de produto tal e como queda manifestado no Plan estratéxico do **Campus Industrial de Ferrol** (2021-2026). Os outros dous campus, **Innova e Sustentabilidade**, comezan a andaina no ano 2018, coa súa integración nas sedes da UDC en Elviña, Zapateira, Riazor, Oleiros e Oza.




Campus
Sustentabilidade

Campus Sustentabilidade

O **Campus Sustentabilidade** estrutúrase en catro áreas de especialización temáticas e complementarias entre si: cidade e territorio, economía circular e sustentable, sustentabilidade social e educación ambiental e vida saudable. Promove a transición de estilos de vida máis saudables; o cambio dos nosos sistemas sociais, ambientais e económicos; e a transdisciplinariedade, para traballar en colaboración non só entre múltiples disciplinas, senón tamén con outros actores. O obxectivo é alcanzar a resiliencia urbana e territorial que nos axude a instalar sistemas que se poidan adaptar á problemática á que nos enfrontamos e que nos facilite a transición cara a modelos que nos permitan maior benestar nun planeta que ten recursos limitados.

Un ecosistema de I+D+i dinámico, vanguardista e sustentable



Centros de Investigación da UDC



4.3

Áreas estratégicas do Plan para o período 2022-2026

As universidades sempre desempeñaron un papel fundamental na xeración de persoal e na súa capacidade para xerar e transmitir coñecemento á sociedade e ao tecido empresarial. De aí o seu rol de axente catalizador da investigación e da transferencia de coñecemento á sociedade. Tendo en conta estes aspectos, a UDC formula cinco áreas estratégicas clave, dende as que levan traballando hai anos e que responden á súa misión como servizo público galego orientado ás necesidades e ao avance cultural, social e económico da sociedade.

DOCENCIA E APRENDIZAXE

INTERNACIONALIZACIÓN

RESPONSABILIDADE SOCIAL
E SUSTENTABILIDADE



INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE
DOS RECURSOS



Diagnose extratéxica: DAFO



Esta ferramenta permitiu identificar as fortalezas e as debilidades dos seus recursos e capacidades (persoales, de infraestrutura, tecnolóxicas, financeiras, formativas etc.), así como os factores externos que presenta e que lle afectan á universidade, é dicir, as oportunidades e as ameazas. A continuación expóñense os cadros DAFO de cada un dos grupos de traballo por área estratéxica.

Área estratéxica 01

Docencia e aprendizaxe

Nesta matriz destaca unha das principais ameazas non só do Sistema Universitario Galego senón tamén do Sistema Universitario Español (SUE) como é a recesión demográfica que se vai notar nos vindeiros anos (2026-2030) e que será aínda máis importante na seguinte década. Porén, existen oportunidades que hai que salientar, como é a existencia dun mercado de crecemento na formación superior no eido do mestrado, así como unha oportunidade no ámbito dos programas de doutoramento e emprendemento e unha oportunidade

de formación no campo da tecnoloxía e das competencias dixitais ou na formación continua no eido empresarial. De igual xeito, existen novos perfís profesionais (e de competencias asociadas) aínda sen definir que estarán condicionados polo desenvolvemento tecnolóxico e os retos da sustentabilidade económica, social e ambiental. A creación da asociación de antigos estudantes, Alumni UDC, permitirá reforzar a empregabilidade e poderá servir para conectar cos diferentes membros da comunidade universitaria e coa sociedade.

! AMEAZAS

A_Doc1. A matrícula nos graos: un descenso na matrícula de estudantes no SUE.

A_Doc2. No caso das universidades galegas, a matrícula de grao descendeu un 29% e estabilizouse nos 50000 estudantes. Na UDC a matrícula de grao descendeu ata os 14000 estudantes. (PFSUG 2022-2026)

A_Doc3. A taxa de abandono educativo do SUE limita o acceso a estudos superiores.

A_Doc4. A estrutura sectorial e ocupacional de España é menos intensiva que a media da UE no uso de persoal, con menor peso das ocupacións máis cualificadas e de sectores de alta intensidade tecnolóxica. (Pastor et al., 2019)

💡 OPORTUNIDADES

O_Doc1. Existe un mercado de crecemento na formación superior no eido do mestrado. Así o reflicte o dato do aumento do peso do alumnado de mestrado (x9 na UDC e x10 en Galicia), de maneira que representa agora un 13% na UDC e un 11,7% en Galicia. (PFSUG 2022-2026)

O_Doc2. Existe un mercado de crecemento no eido dos programas de doutoramento.

O_Doc3. Existe unha oportunidade de formación no eido da tecnoloxía e das competencias dixitais e na formación continua no eido empresarial.

O_Doc4. Existen novos perfís profesionais (e de competencias asociadas) aínda sen definir que estarán condicionados polo desenvolvemento tecnolóxico e os retos da sustentabilidade económica, social e ambiental.



AMEAZAS

A_Doc5. Hai un incremento notable do número das universidades privadas (i) dentro do SUE, que se multiplicaron por cinco nos últimos 25 anos e representan o 15% dos estudantes de grao do SUE e o 36% dos estudantes de mestrado. (Pastor et al., 2019)

A_Doc6. Incremento do número das universidades privadas (ii): trátase de entidades orientadas fundamentalmente á docencia, mentres que a investigación e a transferencia representan datos relativamente insignificantes, 3,7% e 0,9% respectivamente. (Pastor et al., 2019)

A_Doc7. Incremento do número das universidades privadas (iii): procesos de admisión máis áxiles e con maior compatibilidade coa actividade profesional que nas públicas, sobre todo nos mestrados.

A_Doc8. Estancamento do financiamento das universidades públicas presenciais, medido en ingresos liquidados: os recursos económicos das universidades públicas do SUE descendieron en 595 millóns, un 6,4%. (Pastor et al., 2019)

A_Doc9. Envellecemento dos cadros de persoal. En xeral, a taxa de reposición xerou un rápido e preocupante envellecemento dos cadros de persoal: o 14% do profesorado ten entre 60 e 67 anos, fronte ao 6,1% que representa o persoal menor de 35 anos. (Pastor et al., 2019)

A_Doc10. Non permitir a recuperación de persoal de PDI en termos de prazas estables, ao non trasladar ás universidades as medidas dos Orzamentos Xerais do Estado que posibilitan o incremento necesario de recursos no Capítulo I, en consonancia coa taxa de reposición do 120%.



OPORTUNIDADES

O_Doc5. A creación da asociación de antigos estudantes, Alumni UDC, facilitará a implantación das estratexias de empregabilidade e promoverá, en xeral, a conexión cos diferentes membros da comunidade universitaria

O_Doc6. Desenvolvemento do espírito emprendedor dentro da universidade a través do seu impulso nas titulacións, os centros, grupos de investigación etc., e do traballo tamén con outros stakeholders. É dicir, desenvolver “universidades emprendedoras”. (Informe GUESS 2021)

O_Doc7. Posicionamento como referente en ensino de español para estranxeiros, a través do Centro de Linguas, e aproveitando as posibilidades da contorna como destino turístico.

O_Doc8. Aproveitar a experiencia previa de programas como STEMBach para potenciar as relacións cos niveis educativos preuniversitarios.

O_Doc9. Aproveitar o auxe da divulgación científica na sociedade e nos niveis educativos iniciais como modo de promoción da UDC entre os futuros estudantes.

O_Doc10. Incorporar accións de divulgación dos proxectos e dos grupos de investigación que se realizan na UDC como modo de promoción desta na sociedade.

O_Doc11. Proxectar na sociedade a imaxe dunha universidade moderna, atractiva e inclusiva a través do emprego de aspectos de accesibilidade (subtitulado, lingua de signos etc.) na promoción audiovisual da UDC.

O_Doc12. Aproveitar o éxito dos grupos de innovación docente (GID) como medio de proxección e difusión (transferencia) das actividades de innovación educativa da UDC.

O_Doc13. Tendencia crecente en metodoloxías de docencia-aprendizaxe colaborativa.



OPORTUNIDADES

O_Doc14. Facer fincapé dende o Plan de Acción Titorial para reducir a taxa de abandono.

O_Doc15. Implantación e desenvolvemento da Cidade das TIC na Coruña e do polo tecnolóxico.

O_Doc16. Desenvolvemento de programas de captación de talento/ tecnólogos baseados en liñas de especialización e nas necesidades docentes presentes e futuras.

O_Doc17. Potenciación das unidades mixtas de investigación ou dos centros mixtos de investigación xa que permiten o financiamento de estudantes de doutoramento.

O_Doc18. Potencial crecemento do número de estudantes de mestrado e doutoramento en titulacións do ámbito de ciencias da saúde, con colectivos profesionais altamente demandantes de formación posgraduada.

O_Doc19. Participación da UDC en proxectos de modernización e dixitalización das universidades que contribuirán ao desenvolvemento de competencias dixitais no profesorado e persoal investigador que permitirían facilitarían a oferta de docencia presencial, híbrida ou en liña.

· Proxecto DigCompEdu-FyA (formación en competencias dixitais para docentes)

· Proxecto xOC (plataforma para formación masiva online: MOOC, SPOC etc.).

O_Doc20. O cambio de plataforma de xestión académica permitiría afondar na actualización e a revisión das guías docentes.

O_Doc21. Aposta pola profesionalización da docencia no sentido SoTL (Scholarship of Teaching and Learning).

O_Doc22. Boa xeolocalización da nosa comunidade autónoma cun ecosistema de recursos naturais e biodiversidade e custo do nivel de vida por debaixo doutras comunidades autónomas.



DEBILIDADES

D_Doc1: Tempos moi axustados entre elaboración de POD-convocatoria de prazas e comezo da actividade docente que imposibilitan a formación ou adaptación da persoa contratada.

D_Doc2: [*Internacional] Mellorable capacidade de atracción de alumnado estranxeiro.

D_Doc3 [*Comunicación] Mellorable presenza da UDC en redes sociais, con campañas de promoción e captación nas redes sociais e medios de comunicación.

D_Doc4: Barreiras administrativas e burocráticas na xestión económica ou académicas.

D_Doc5: [*Investigación e transferencia] Escasa capacidade de captación de fondos para I+D+i.

D_Doc6: Necesidade de maior apoio e dotación de recursos persoais para as actividades ofrecidas ao estudiantado (PAT, ADI, CUFIE ou UDC saudable, entre outros).

D_Doc7: Necesidade dun maior achegamento a publicacións científicas de innovación docente específicas de cada área.

D_Doc8: Sobrecarga de funcións do profesorado.

D_Doc9: Escasa presenza da formación masiva en liña (MOOC, SPOCS, etc.) para a formación interna e externa.

D_Doc10: Baixa participación nas enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese



FORTALEZAS

F_Doc1: Primeira universidade en taxa de empregabilidade, xa que catro titulacións de grao da UDC ocupan os postos 1º, 2º, 4º e 5º segundo o indicador no grao de inserción do SUG (Grao en Tecnoloxías Mariñas, Grao en Náutica e Transporte Marítimo, Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Enfermaría-Ferrol). (PFSUG 2022-2026).

F_Doc2: Universidade con maior numero de mestrados de excelencia. (PFSUG 2022-2026).

F_Doc3: Definición estratéxica da nova oferta formativa asociada aos campus de especialización: máxima cobertura das prazas convocadas de 1ª matrícula nas novas titulacións de grao propostas nos últimos cursos (Nanotecnoloxía, Xestión Industrial da Moda, Videoxogos, Mestrado en Informática e Robótica etc.).

F_Doc4: Consecución de cinco selos internacionais de calidade que teñen tres dos graos (dous de Camiños e o de Informática) e dous mestrados (Camiños e Informática).

F_Doc5: Primeira universidade do SUG en ter unha titulación de formación dual. (PFSUG 2022-2026).

F_Doc6: Universidade que máis avanzou no Programa Docentia (X convocatoria).

F_Doc7: Proactividade na promoción da nosa oferta académica ao futuro alumnado.

F_Doc8: Proactividade na promoción de programas-proxectos-concursos de fomento do emprendemento, resolución de retos etc. que axudan aos estudantes a desenvolver tanto capacidades, habilidades e coñecementos adquiridos nas titulacións, e coñecementos adquiridos nas titulacións, como aspectos non tan traballados, que conectan o alumnado co mundo laboral.



FORTALEZAS

F_Doc9: Papel pioneiro da UDC na oferta de dobres graos e na implantación de novos graos duais.

F_Doc10: (*Responsabilidade social e sustentabilidade) Primeira universidade do SUG no eido da sustentabilidade ambiental.

F_Doc11: Aumento no número de proxectos de aprendizaxe-servizo.

F_Doc12: Existencia dun Plan de Acción Titorial (con programas de mentoría) que cobre as necesidades do estudantado.

F_Doc14: Existencia dun programa estable no CUFIE para a formación docente do profesorado e de estudantes.

F_Doc15: (*Responsabilidade Social e Sustentabilidade) Responsabilidade social e apoio ao estudantado, especialmente durante a pandemia (ex. Programa Afrontemos).

F_Doc16: Aposta pola transparencia na presentación dos resultados da actividade docente nas titulacións.

F_Doc17: (*Comunicación) Comunicación e transparencia dos resultados da actividade docente nas distintas titulacións.

Área estratéxica 02

Investigación e transferencia

Existen numerosas oportunidades que poden ser aproveitadas pola nosa universidade, entre as que destaca o desenvolvemento dos polos de especialización tecnolóxica, nomeadamente a Cidade das TIC na Coruña e a Industria 4.0 en Ferrol. De igual xeito, existen importantes oportunidades de transferencia que se poden concretar nas unidades mixtas de investigación (ex. UMI UDC-Navantia), o desenvolvemento de programas de doutoramento industriais, o fomento das cátedras e o aliñamento das liñas de especialización cos obxectivos

estratéxicos da comunidade autónoma ou a captación de ingresos máis diversificados (mecenado e patrocinio ou *crowdfunding*), dimensións tamén comentadas na diagnose estratéxica de economía e uso eficiente de recursos. Entre as debilidades cómpre salientar a escasa cultura de colaboración multidisciplinar ou a escasa capacidade de captación de fondos alleos para I+D+i. Tamén é necesario mellorar a visibilidade da investigación realizada e superar as barreiras administrativas e burocráticas na xestión económica.

! AMEAZAS

A_Inv1: Limitacións de mobilidade causadas pola covid-19.

A_Inv2: Perda de peso do sector industrial na economía galega.

A_Inv3: Galicia non se identifica como unha rexión na implementación de políticas sustentables e está localizada lonxe das rexións consideradas tractoras neste eido (centro e norte da Unión Europea).

A_Inv4: Aumento da competitividade en I+D debido á súa globalización (Pastor et al., 2019).

A_Inv5: Incremento da competencia dos centros tecnolóxicos na actividade de transferencia

A_Inv6: Dependencia de financiamento autonómico e nacional, especialmente referida á actividade investigadora (Pastor et al., 2019).

A_Inv7: Diminución do financiamento da Administración que restrinxe os investimentos en infraestruturas de investigación.

💡 OPORTUNIDADES

O_Inv1: Desenvolvemento da I+D+i como motor do crecemento económico.

O_Inv2: Identificación da posible demanda tecnolóxica por parte do sector empresarial próximo.

O_Inv3: Escaseza de I+D nas empresas e oportunidade de subministrar eses servizos dende as universidades ou centros de investigación ou tecnolóxicos.

O_Inv4: Formación continuada por parte da empresa.

O_Inv5: Dixitalización ao servizo integral da persoa: Human-centre-Smart-industry

O_Inv6: Potenciación da economía galega a través da colaboración das universidades, nomeadamente a UDC, mediante os polos de especialización tecnolóxica:

- Polo a) Industria intelixente, que desenvolve produtos ou servizos de alto valor engadido para a industria 4.0.

- Polo b) Ecosistema de I+D no eido das TIC. Aproveitamento das novas tecnoloxías (IOT, simulación, modelado, realidade aumentada, big data...)



OPORTUNIDADES

O_Inv7: Detección de novas necesidades docentes e talento/tecnólogos especializados.

O_Inv8: Tendencia nas colaboracións das universidades coas principais agrupacións empresariais (Asime, Aclunaga...).

O_Inv9: Potenciación das unidades mixtas de investigación ou dos centros mixtos de investigación.

O_Inv10: Desenvolvemento de programas de doutoramento industriais.

O_Inv11: Maior enfoque de investigación mediante cátedras.

O_Inv12: (*Financiamento e uso eficiente de recursos) Establecemento dun marco favorecedor da colaboración pública-privada (*win-to-win*) e atractiva para o mecenado e patrocinio.

O_Inv13: (*Financiamento e uso eficiente de recursos) Crecente uso do *crowdfunding* como nova fonte de financiamento na investigación.

O_Inv14: Captación de fondos internacionais de carácter interdisciplinario, Fondos Europeos de Investigación, Next Generation, InterREG, Redes Cost.

O_Inv15: A estratexia HRS4R como ferramenta para a captación e retención de talento investigador, polo seu apoio na aplicación dun código ético de conduta para a contratación de persoal investigador.

O_Inv16: (*Docencia e aprendizaxe) Regulación do marco galego de competencias dixitais no profesorado e persoal investigador que facilita a oferta de formación para o tecido empresarial e industrial.

O_Inv17: O eido da “ciencia aberta”, un obxectivo promovido pola UE e as asociacións de universidades europeas que potenciaría a comunicación, a colaboración e a difusión dos resultados da investigación e da transferencia da UDC.

O_Inv18: Fortalecemento das supraestruturas de investigación a través da potenciación e a creación de centros de investigación.

O_Inv19: Liderado da Cidade das TIC en canto á capacidade actual de captación de recursos resultado da colaboración público-privada co apoio das diferentes administracións públicas.

O_Inv20: Aproveitamento da implantación do cadro de mando do Plan estratéxico actual para favorecer o seguimento e nivel de implantación da estratexia e programas ou accións propostos.

O_Inv21: Procedemento aberto da Xunta de Galicia para a acreditación dos **Campus de Especialización do Sistema Universitario Galego** (SUG), co fin de impulsar unha organización territorial tendente a unha maior especialización, o impulso do labor de investigación e a mellora da calidade da docencia.

O_Inv22: A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) para Galicia como ferramenta que busca aproveitar as diferentes capacidades nos ámbitos económicos, científicos e tecnolóxicos para xerar impacto económico no territorio e promover a creación de emprego a través de proxectos innovadores e con retorno social.

O_Inv23: (*Docencia e aprendizaxe) A recente creación da asociación de antigos estudantes, Alumni UDC, facilitará a implantación das estratexias de empregabilidade e emprendemento, e promoverá, en xeral, a conexión co ámbito empresarial.

O_Inv24: Desenvolvemento de programas de captación de talento/tecnólogos baseados en liñas de especialización e nas necesidades docentes presentes e futuras.

O_Inv25: Oportunidade de impulsar con Navantia iniciativas colaborativas para o desenvolvemento de proxectos orientados á transición enerxética, a descarbonización e a dixitalización do sector naval e do modelo produtivo español.



DEBILIDADES

D_Inv1: Escasa cultura de colaboración multidisciplinar das persoas que investigan, o que reduce as oportunidades de I+D (PFSUG 2022-2026).

D_Inv2: Reducida presenza en publicacións indexadas en SCI e SSCI e citas de investigación do persoal investigador.

D_Inv3: Escasa capacidade de captación de fondos para I+D+i.

D_Inv4: Feble captación de bolsas FPI e FPU en comparación co resto de universidades do SUG (PFSUG 2022-2026).

D_Inv5: Escasa capacidade de captación de fondos dos programas REDES de consolidación e estruturación de unidades competitivas (16% do total), dos programas para agrupacións estratéxicas (27%), do programa para mellora de infraestruturas e equipamento (21%) (PFSUG 2022-2026).

D_Inv6: Reducido número de teses defendidas por cada 100 profesores.

D_Inv7: Escasa capacidade de desenvolvemento de contratos de I+D e consultoría.

D_Inv8: Escasos resultados de transferencia máis alá dos contratos con empresas (*spin-off*, EBT, licenzas, incorporación de políticas). (PFSUG 2022-2026).

D_Inv9: Reducida mobilidade do PDI ao estranxeiro.

D_Inv10: Escasa proxección institucional nos medios de comunicación e falta de visibilidade da investigación realizada, o que dificulta o seu posicionamento.

D_Inv11: Excesiva dependencia do financiamento autonómico.

D_Inv12: Procesos de xestión económico-administrativa pouco áxiles.



FORTALEZAS

F_Inv1: Maior capacidade de produción de rexistros *software* do SUG (indicador que revela fortaleza) (PFSUG 2022-2026).

F_Inv2: Capacidade do PDI e do persoal investigador para desenvolver artigos publicados nas revistas do primeiro cuartil.

F_Inv3: Liderado en produción científica de documentos en colaboración nacional.

F_Inv4: Dotación de infraestruturas singulares e posicionamento destacado no eido da enxeñaría civil, deporte, TIC, medio natural e nos SAI (servizos de apoio á investigación).

F_Inv5: Posibilidade de afondar en liñas transversais singulares grazas á multidisciplinariedade e transversalidade de determinadas capacidades da UDC (nomeadamente nas TIC).

F_Inv6: Relación relevante das áreas vinculadas co urbanismo, a auga ou o deporte da UDC con entidades e empresas da contorna.

F_Inv7: Posicionamento de grupos de investigación con actividade investigadora excelente e competitiva, con capacidade de captación de fondos públicos de I+D.

F_Inv8: Capacidade recente de captación de investigadores/as a través de diferentes programas (Ramón y Cajal e Beatriz Galindo) e do programa propio INTALENT (PFSUG 2022-2026).



DEBILIDADES

D_Inv13: Falta de coordinación entre servicios.

D_Inv14: Ausencia dun sistema integral dixital e de xestión económico-administrativa e seguimento da actividade investigadora da UDC.

D_Inv1: Existencia de áreas/ámbitos de coñecemento que pola súa evolución histórica teñen problemas para desenvolver os indicadores de produción científica e da carreira investigadora.

D_Inv15: (*Financiamento e uso eficiente dos recursos). Barreiras administrativas e burocráticas na xestión económica que poderían superarse mediante unha reforma lexislativa de adaptación ás necesidades de funcionamento universitario.

D_Inv16: Escasa captación e retención de talento nas áreas tecnolóxicas.

D_Inv17: (*Comunicación) Ausencia dun plan prioritario de comunicación eficaz en redes sociais e medios sobre a actividade global da UDC.

D_Inv18: (*Docencia e aprendizaxe) Sobrecarga de funcións do profesorado e persoal investigador, que non ten tempo para a práctica investigadora e docente.

D_Inv19: Necesidade de formación e acompañamento na presentación a proxectos competitivos.

D_Inv20: A taxa de reposición xerou un rápido e preocupante envellecemento dos cadros de persoal. Nalgunhas áreas de coñecemento dáse escaseza de investigadores/as posdoutorais para asegurar a renovación do persoal investigador.

Área estratéxica 03

Financiamento e uso eficiente dos recursos

Nesta matriz destaca outra das principais ameazas non só do Sistema Universitario Galego senón tamén do Sistema Universitario Español (SUE), como é a incerteza económica que existe na actualidade, o contexto inflacionista que estamos a experimentar, o encarecemento das materias primas (combustibles, as vinculadas coa construción...) e da enerxía, e inestabilidade xeopolítica.

Porén, existen oportunidades que esta universidade quere aproveitar, como é a importancia crecente da sociedade do coñecemento, que permitiría incrementar a transferencia ao segmento empresarial, a captación de ingresos derivada da maior colaboración público-privada e a captación de recursos procedentes dos fondos Next Generation no eido da transición ecolóxica e da dixitalización. Esta cooperación pode estimular un marco favorecedor da colaboración pública-privada (*win-*

to-win) e atractiva para o mecenado e patrocinio, así como promover unha captación de ingresos proactiva procedente doutras fontes (*crowdfunding*). A resposta á crise enerxética está na potenciación do aforro a través dos proxectos de eficiencia enerxética (proxectos integrais, implementación de enerxías renovables, seguimento de consumos enerxéticos e programas de educación para a sustentabilidade). Estes desenvolveranse con maior rigor na fase catro, se ben pode anticiparse a idea básica destes.

Para afrontar esas ameazas, esta universidade debe facer fincapé en mellorar os puntos débiles que se centran na escasa taxa de cobertura do custo estándar en relación cos custos de persoal e na escasa diversificación na captación de fondos e na dependencia do financiamento autónómico.



AMEAZAS

A_Eco1: Contexto de restrición orzamentaria e crecemento da débeda pública en relación co PIB.

A_Eco2: Incerteza socio-económica derivada da crise sanitaria e da pandemia da covid-19.

A_Eco3: Inflación crecente e impacto nos subfondos de financiamento estrutural que están condicionados á súa evolución (ex. subfondo de gasto corrente e mantemento de infraestruturas).

A_Eco4: Elevados custos das materias primas asociadas á inflación crecente.

A_Eco5: O financiamento do SUG está baseado no crecemento do PIB polo que está condicionado polo risco de decrecemento da actividade económica.

A_Eco6: Diminución da poboación obxectivo pola caída da taxa de natalidade, o impulso da Formación Profesional (en especial, a dual) e a competencia das universidades privadas, con duplicidade de titulacións nalgúns casos (PFSUG 2022-2026).

A_Eco7: Incremento das universidades privadas, con procesos de admisión máis áxiles e con maior compatibilidade coa actividade profesional que nas públicas, sobre todo nos mestrados.

A_Eco8: Ausencia de recoñecemento da docencia non presencial, o que repercute negativamente no financiamento estrutural.



OPORTUNIDADES

O_Eco1: Importancia crecente da sociedade do coñecemento onde as universidades e centros de investigación van desempeñar un papel determinante.

O_Eco2: Transferencia ao segmento empresarial.

O_Eco3: Captación de ingresos por medio da colaboración público-privada e a definición de proxectos estratéxicos asociados ás liñas de especialización (sustentabilidade, industria intelixente e innovación dixital e tecnolóxica).

O_Eco4: Oportunidade de captación de recursos procedentes dos fondos Next Generation no eido da transición ecolóxica e da dixitalización.

O_Eco5: Impulso de liñas de axudas para melloras de aforro e eficiencia enerxética nas instalacións e infraestruturas das universidades (proxectos integrais, implementación de enerxías renovables, seguimento de consumos enerxéticos ou programas de educación para a sustentabilidade).

O_Eco6: Estimular un marco favorecedor da colaboración público-privada (*win-to-win*) atractiva para o mecenado e o patrocinio.

O_Eco7: Captación de ingresos proactiva e outras fontes de ingresos (*crowdfunding*).

O_Eco8: (*Internacional) Oportunidade de captación de talento grazas ao vínculo lingüístico ou cultural cos países de América Latina e os países lusófonos.

O_Eco9: (*Docencia e aprendizaxe) Oportunidade de seguir a estratexia británica para captar estudantes de grao/mestrado *with industrial experience* ou con modalidade *with year abroad* (exemplo: www.exeter.ac.uk/undergraduate/courses/economics/economics/).



OPORTUNIDADES

O_Eco10: (*Investigación e transferencia) Potenciación da economía galega a través da colaboración das universidades, nomeadamente a UDC, mediante os polos de especialización tecnolóxica;-

· Polo a) Industria intelixente, que desenvolve produtos ou servizos de alto valor engadido para a industria 4.0.

· Polo b) Ecosistema de I+D no eido das TIC. Aproveitamento das novas tecnoloxías (IOT, simulación, modelado, RV ou RA, e big data).

O_Eco11: (*Docencia e aprendizaxe). Intensificación do labor de coordinación con institutos de educación secundaria e con centros de FP para dar a coñecer a oferta de títulos da UDC.

O_Eco12: (*Docencia e aprendizaxe/internacionalización) Potenciación do recrutamento en países de economías emerxentes, como a chinesa e a vietnamita, entre outras.

O_Eco13: (*Docencia e aprendizaxe) Existe unha oportunidade de formación no eido da tecnoloxía, das competencias dixitais e na formación continua.

O_Eco14: Efecto tractor da Cidade das TIC como institución de referencia na dixitalización para investimentos público-privados.



DEBILIDADES

D_Eco1: Taxa de cobertura do custo estándar en relación cos custos de persoa.

D_Eco2: Escasa diversificación na captación de fondos.

D_Eco3: Excesiva dependencia do financiamento autonómico.

D_Eco4: Barreiras administrativas e burocráticas na xestión económica.

D_Eco5: Sistemas de control de ingresos e contabilización dos dereitos recoñecidos.

D_Eco6: A maioría das infraestruturas ou edificios presentan dificultades arquitectónicas, estruturais e de catalogación para se adaptar aos requirimentos actuais de sustentabilidade.

D_Eco7: Necesidade dun maior investimento en mantemento, dada a antigüidade dos edificios.

D_Eco8: Barreiras administrativas e burocráticas na xestión económica e administrativa.



FORTALEZAS

F_Eco1: Reducido pasivo financeiro (anticipos reintegrables de escasa contía).

- F_Eco2: Nivel de execución orzamentaria medio-alto.

- F_Eco3: Liñas de especialización estratéxicas da universidade aliñadas cos obxectivos estratéxicos dos plans de I+D+i europeos, nacionais e da comunidade autónoma. Nomeadamente, entre estes últimos estarían:

- O Plan estratéxico de Galicia 2021-2030 (a dinamización demográfica, o cambio climático, a cohesión social e a competitividade industrial).

- A Axenda Dixital de Galicia 2030 (a economía dixital e o crecemento do sector TIC).

- Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 (investigación e innovación en cambio climático e transferencia de coñecemento).

F_Eco4: Capacidade de adaptación como institución á transformación dixital, experimentada tras a covid-19.

Área estratéxica 04

Internacionalización

Entre as oportunidades destacan a captación de recursos procedentes dos fondos europeos Next Generation no eido da transición ecolóxica e da dixitalización e a captación de talento grazas ao vínculo lingüístico cos países de América Latina e ao posicionamento como referente en ensino de español para estranxeiros. A apertura de novos destinos para que toda a comunidade universitaria poida realizar mobilidade tanto a nivel dos países do programa como a nivel de países asociados (Erasmus + KA131 e

KA171), o aumento do número de dobres titulacións internacionais, promoción de proxectos educativos internacionais (ex. a oferta de novas dobres titulacións internacionais: dous mestrados e dous programas de doutoramento conxuntos/dobres con Portugal e un mestrado Erasmus Mundus con Italia e Croacia) son excelentes oportunidades de incrementar o grao de internacionalización.

! AMEAZAS

A_Int1: Limitacións de mobilidade causadas pola covid-19.

A_Int2: (*Financiamento e uso eficiente de recursos) Contexto de restrición orzamentaria.

A_Int3: (*Financiamento e uso eficiente de recursos) Incerteza socio-económica derivada da crise sanitaria e da pandemia da covid-19

A_Int4: (*Docencia e aprendizaxe) Hai un incremento notable de universidades privadas dentro do SUE, que se multiplicou por cinco nos últimos 25 anos e representan o 15% dos estudantes de grao do SUE e o 36% dos estudantes de mestrado (Pastor et al., 2019).

A_Int5: (*Docencia e aprendizaxe) As universidades privadas son entidades orientadas fundamentalmente á docencia, mentres que a investigación e a transferencia representan datos relativamente insignificantes, 3,7% e 0,9% respectivamente.

A_Int6: Sistemas burocráticos que dificultan enormemente a captación de alumnado: a nivel de grao, a nova lei de educación obriga á realización das ABAU; a homologación dos títulos estranxeiros leva un mínimo de 2 anos; non se poden pagar as taxas de homologación co número de pasaporte; prodúcese atrasos nos consulados á hora de emitir visados.

💡 OPORTUNIDADES

O_Int1: (*Financiamento e uso eficiente dos recursos) Oportunidade de captación de recursos procedentes dos fondos europeos Next Generation no eido da transición ecolóxica e da dixitalización.

O_Int2: Oportunidade de captación de recursos con programa Erasmus para proxectos de cooperación entre institucións e apoio ao desenvolvemento de políticas e á cooperación.

O_Int3: (*Investigación e Transferencia) Efecto tractor da Cidade das TIC como institución de referencia na dixitalización para investimentos público-privados.

O_Int4: Programas de cooperación para o desenvolvemento e da marca España-marca Galicia.

O_Int5: Oportunidade de captación de talento grazas ao vínculo lingüístico ou cultural cos países de América Latina e os países lusófonos.

O_Int6: Posicionamento como referente en ensino de español para estranxeiros, a través do Centro de Linguas, e aproveitando as posibilidades do contorno como destino turístico.

O_Int7: Captación de ingresos proactiva e doutras fontes de ingresos como o crowdfunding, o patrocinio e o mecenado.



AMEAZAS

A_Int7: Dificultade para potenciar a internacionalización nos graos ou mestrados con pouca demanda.

A_Int8: Forte competencia internacional coas universidades situadas en polos de atracción con mellores infraestruturas de transporte, mobilidade, de apoio, zonas de maior empregabilidade e maior renda per cápita, e con maior tradición.

A_Int9: Dificultade de interacción con empresas estranxeiras para proxectos internacionais.

A_Int10: As universidades privadas: o incremento das universidades privadas con procesos de admisión máis áxiles e con maior compatibilidade coa actividade profesional que nas públicas, sobre todo, nos mestrados. Adicionalmente, as estratexias dirixidas á captación de alumnado, á concesión de bolsas, ao acceso á empregabilidade, ao apoio ao rendemento académico, entre outros, que se unen á percepción dunha menor esixencia ao alumnado fronte ás públicas.



OPORTUNIDADES

O_Int8: Feiras internacionais para recrutamento de estudiantando

O_Int9: Creación dunha cátedra de estudos chineses e sinatura de convenios específicos con universidades chinesas

O_Int10: Existencia de programas con axudas financeiras de mobilidade internacional do PAS para institucións de ensino superior, coa que se pretende fomentar a formación do persoal e a internacionalización na casa.

O_Int11: Oportunidade de asinar novos convenios de mobilidade segundo criterios estratéxicos e de calidade.

O_Int12: Apertura de novos destinos para que toda a comunidade universitaria poida realizar mobilidade tanto a nivel dos países do programa como a nivel de países asociados (Erasmus + KA131 e KA171).

O_Int13: Potenciación das mobilidades con fins de prácticas ao intensificar a difusión.

O_Int14: Procura de destinos mediante contactos con empresas e/ou institucións do exterior.

O_Int15: Posible participación en novos consorcios internacionais co FCEER.

O_Int16: O aumento do número de dobres titulacións internacionais e promoción de proxectos educativos internacionais (ex. A oferta de novas dobres titulacións internacionais: dous mestrados e dous programas de doutoramento conxuntos/dobres con Portugal e un mestrado Erasmus Mundus con Italia e Croacia).



OPORTUNIDADES

O_Int17: Oportunidade de incrementar a internacionalización grazas ao desenvolvemento da dixitalización.

O_Int18: Interese crecente do sector empresarial internacional na participación en proxectos europeos coa universidade.

O_Int19: Disponibilidade de distintas ferramentas de formación en competencias lingüísticas para lograr un maior grao de internacionalización da UDC, especialmente dos axentes encargados da recepción, acollida, seguimento e acompañamento do PDI e estudantes estranxeiros.



DEBILIDADES

D_Int1: A porcentaxe de estudantes internacionais nas universidades galegas sitúase por debaixo da media do SUE (PFSUG 2022-2026).

D_Int2: Barreiras administrativas e burocráticas na xestión.

D_Int3: Prazas insuficientes e barreiras burocráticas para o estudiantado internacional nas residencias universitarias, e necesidade de infraestruturas residenciais.

D_Int4: Barreiras administrativas e burocráticas na xestión económica e administrativa (admisión de alumnado).

D_Int5: Déficit de persoal especializado para xestionar a crecente demanda de proxectos, convenios e acordos de carácter internacional.

D_Int6: Insuficiente implantación interna do inglés nos documentos/aplicacións oficiais e nos procedementos.



FORTALEZAS

F_Int1: Forte presenza e notoriedade da ISS.

F_Int2: A UDC é a universidade do SUG con maior peso do alumnado credit mobility, situándose no 3,75% (PFSUG 2022-2026).

F_Int3: Programa da oferta formativa en linguas, así como a oferta de acreditación oficial do idioma inglés que lle permite conseguir a devandita acreditación a toda a comunidade universitaria, mesmo PAS, na liña da figura do PAS internacional nos diversos servizos.

F_Int4: Existencia de programas de apoio lingüístico para o profesorado que imparte docencia en inglés (PALDI), que inclúen formación, acreditación, asesoramento e seguimento: EMI, CIDI, EMI follow-ups e observación directa na aula.

F_Int5: (*Docencia e aprendizaxe) Definición estratéxica da nova oferta formativa asociada aos campus de especialización con grande éxito.



DEBILIDADES

D_Int7: Sobrecarga de funcións do profesorado, que non ten tempo e/ou recursos para actividades de internacionalización.

D_Int8: Dificultade para crear grupos/titulacións en inglés cun tamaño determinado.

D_Int9: Escasa presenza do inglés en certas áreas no ámbito da investigación e de responsabilidade social, así como na páxina web e nas redes sociais.

D_Int10: Mellorable participación do PDI, PAS e estudantes en certos centros da UDC en programas de mobilidade internacional.

D_Int11: Escasa internacionalización das accións de formación dirixida a empresas, institucións, organizacións etc.

D_Int12: (*Docencia e aprendizaxe) Escasa presenza da UDC nas diferentes clasificacións internacionais que pode dificultar a captación de estudantes.



FORTALEZAS

F_Int6: Ampla oferta formativa en inglés.

F_Int7: Rede de apoio ás accións de internacionalización dende as ORI.

F_Int8: Carteira ampla de convenios internacionais.

F_Int9: Formación de máxima calidade con prezos públicos competitivos para alumnado estranxeiro.

F_Int10: Aumento do profesorado da UDC con actividade a nivel internacional.

Para obter o máximo partido das oportunidades anteriores é necesario apoiar máis as fortalezas ou capacidades como a ISS e promover máis os programas de apoio lingüístico para o profesorado que imparte docencia en inglés (PALDI), que inclúen formación, acreditación, asesoramento e seguimento.

Área estratéxica 05

Responsabilidade social e sustentabilidade

Existen oportunidades no eido ambiental para desenvolver proxectos e programas con beneficios non só para a universidade, senón para toda a contorna. Tamén hai unha oportunidade para mellorar a inclusión social, igualdade de xénero e a inserción laboral e de acompañamento ao alumnado.

Para obter o máximo partido das oportunidades anteriores cómpre conseguir financiamento específico para programas asociados á sustentabilidade e á responsabilidade social, particularmente no eido da eficiencia enerxética, do uso das enerxías renovables, do aforro de auga, da mellora da biodiversidade,

da igualdade, da cultura e do deporte. Ademais de simplificar a carga administrativa e burocrática son necesarias infraestruturas facilitadoras e amigables para o alumnado.

Destaca o compromiso para desenvolver a promoción do xénero (Udcientíficas), a inclusión social (programa Espazo Compartido) ou o acompañamento ao estudantado, especialmente durante a pandemia (ex. programas Afrontemos) e o compromiso coa dinamización da lingua galega. Nestes casos, xa se están concretando algunhas das accións estratéxicas que se desenvolverán con maior detalle na derradeira fase.

⚠ AMEAZAS

A_RS1: Ameazas para a saúde e risco de enfermidades para os membros da comunidade universitaria (pandemias, disfuncións de saúde mental, incremento de enfermidades crónicas, resistencia a antimicrobianos, entre outras).

A_RS2: (* Financiamento e uso eficiente de recursos) Incerteza socioeconómica e restricións orzamentarias derivada da crise sanitaria e da pandemia da covid-19.

A_RS3: Maiores emisións de CO₂.

A_RS4: Cambio climático e desorde nos ecosistemas naturais.

A_RS5: Deforestación, acumulación de residuos e sobreexplotación de recursos naturais e escaseza de auga.

A_RS6: Contaminación do medio mariño e terrestre

A_RS7: Existencia de trabas burocráticas que dificultan a xestión.

💡 OPORTUNIDADES

O_RS1: Importancia crecente da sustentabilidade ambiental na que a UDC ten a mellor posición no SUG e moi sobresaínte a nivel nacional (cuarta posición).

O_RS2: Oportunidade de colaboración público-privada e definición de estratexias de vida saudable e desenvolvemento sustentable (nos eidos ambiental, social e económico).

O_RS3: Captación de ingresos NG (Next Generation) por medio da colaboración público-privada e a definición de proxectos estratéxicos asociados ás liñas de especialización (sustentabilidade ambiental e transición ecolóxica).

O_RS4: Definición e implantación de proxectos integrais de eficiencia enerxética e seguimento de consumos enerxéticos.

O_RS5: Oportunidade de formación no eido da sustentabilidade ambiental (educación das novas xeracións)

O_RS6: Existen oportunidades no eido da mobilidade sustentable (a dinamización de car-sharing ou o préstamo de bicicletas, entre outros).



AMEAZAS

A_RS8: O uso das tecnoloxías na universidade (inclusión puntual da teleformación) pode afastar o alumnado en termos de sentido de pertenza ou reducir as vivencias positivas do ambiente universitario nos campus, vinculadas cunha menor presencialidade nos centros.

A_RS9: O incremento de agresións a persoas do colectivo LGTBI+ e a normalización das agresións ás mulleres e outros tipos de discriminación.

A_RS10: O sedentarismo, a alimentación insá, o estrés biopsicosocial, as adiccións químicas e de comportamento, a mala xestión das rutinas e dos tempos, entre outros, xeradores de enfermidades.

A_RS11: Incremento da porcentaxe da mocidade que considera que a violencia de xénero non existe e que son falsas desigualdades entre homes e mulleres, o que dificulta a implantación de accións para eliminar estereotipos e desigualdades.

A_RS12: A falta de perspectiva de xénero en investigación e/ou docencia pode prexudicar á hora de competir por financiamento europeo, xa que cada vez ten máis peso na avaliación das propostas presentadas nas distintas convocatorias europeas.

A_RS13: (*Financiamento e uso eficiente dos recursos) Diminución da poboación obxectivo pola caída da taxa de natalidade, impulso da Formación Profesional (en especial, a dual) e a competencia das universidades privadas, con duplicidade de titulacións nalgúns casos.



OPORTUNIDADES

O_RS7: Orientación sociolaboral, a través de ferramentas para a busca activa de emprego e de orientación laboral e de itinerarios, ademais de ofrecer a participación nunha bolsa de traballo UDC.

O_RS8: Acompañamento do alumnado que o requira e ofrecemento de ferramentas de xestión de conflitos.

O_RS9: Inclusión social e igualdade de xénero, para garantir un ambiente e unha institución sensible, solidaria, respectuosa, empática e para as persoas.

O_RS10: A extensión universitaria, a cultura, o ocio e o deporte como medio a partir do que chegar á sociedade e contribuír á difusión da cultura e lingua galegas, xunto coas outras realidades e culturas.

O_RS11: Salientar a oportunidade que supón poder xestionar as demandas relacionadas coa diversidade sexual e da identidade de xénero.

O_RS12: Oportunidade de poder implementar a pausa en movemento para toda a comunidade universitaria, así como outros programas de actividade física orientados ao benestar desta.

O_RS13: Aproveitamento da oportunidade que achega a realización do Estudo sobre o acoso e a violencia sexual na UDC.

O_RS14: Aproveitar o aliñamento coas políticas da Unión Europea sobre igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O_RS15: Oportunidade de desenvolver unha vida saudable, de inclusión social e con igualdade de xénero, para garantir un ambiente amigable e unha institución sensible, saudable, sustentable, solidaria, respectuosa, empática e para as persoas.

O_RS16: A responsabilidade social como eixe vertebrador e axente do cambio educativo e social para que a accesibilidade e o deseño universal sexan unha realidade na UDC.



OPORTUNIDADES

O_RS18: O uso do campus, centros e comunidade universitaria como “laboratorio vivo” con potencial de experimentación e demostración de solucións aos desafíos da sustentabilidade (mitigación e adaptación ao cambio climático ou economía circular, entre outros).

O_RS19: [*Internacional] Oportunidade de captación de talento grazas ao vínculo lingüístico cos países de América Latina e os países lusófonos.

O_RS20: Oportunidade que presentan as actividades de extensión bibliotecaria, coa posta en marcha de novas estratexias de cara á sociedade.

O_RS21: Oportunidade dos campus de Elviña-Zapateira en parques con arboredo, vexetación autóctona, en continuidade co monte da Fraga e potenciación do Castro de Elviña como icona referente da Universidade da Coruña, para asegurar a preservación do gran parque do val de Elviña.

O_RS22: Oportunidade que presenta o programa Green Campus nos centros e agrupación de centros da UDC.

O_RS23: Oportunidade de desenvolver programas integrais de atención biopsicosocial.

O_RS24: Oportunidade de realizar estratexias de promoción e educación para a saúde e prevención da enfermidade.

O_RS25: Oportunidade de implementación de estratexias dinamizadoras da economía circular (xestión de residuos, entre outros).

O_RS26: Potenciar a colaboración, a coordinación e as sinerxías transversais entre as oficinas, unidades e servizos con estratexias de responsabilidade social (entre outras, ADI, Espazo Compartido, OMA, OCV, Área de Deportes, OIX, Cultura, Universidade Sénior, UDC Saudable ou SAPE).



DEBILIDADES

D_RS1: Financiamento específico reducido por parte do plan do SUG para programas asociados á sustentabilidade e á responsabilidade social.

D_RS2: Complexidade da xestión económico-administrativa e burocrática.

D_RS3: Ausencia de infraestruturas facilitadoras e amigables para o alumnado.

D_RS4: A pesar da existencia de programas de investimento, aínda non hai suficiente financiamento de programas de eficiencia enerxética, do uso das enerxías renovables, e do aforro de auga ou da mellora da biodiversidade.

D_RS5: A día de hoxe, os medios da Oficina de Igualdade son insuficientes para atender as necesidades existentes.



FORTALEZAS

F_RS1: Primeira universidade do SUG no eido da sustentabilidade ambiental (PFSUG 2022-2026).

F_RS2: Programa Green Campus e ampla participación da comunidade universitaria con resultados visibles como a obtención de Bandeiras Verdes por parte dos centros.

F_RS3: Compromiso da UDC no relativo á difusión de hábitos saudables entre a comunidade universitaria.

F_RS4: Responsabilidade social e apoio ao estudantado, especialmente durante a pandemia (ex. programas Afrontemos).

F_RS5: Aposta por iniciativas de inclusión social (ex. programa Espazo Compartido e Talentos Inclusivos).

F_RS6: Promoción da igualdade de xénero.



DEBILIDADES

D_RS6: Un servizo de publicacións con persoal insuficiente para atender as necesidades existentes.

D_RS7: Conciencia insuficiente da comunidade universitaria da importancia de introducir a perspectiva de xénero en todos os ámbitos da UDC.

D_RS8: Déficit de recursos persoais e económicos para a promoción da saúde e a prevención de enfermidades dirixida fundamentalmente ao alumnado (UDC Saudable).

D_RS9: [*Comunicación] Déficit de recursos persoais para implementar unha boa estratexia de comunicación interna e externa á hora de poñer en valor os principios da responsabilidade social e a sustentabilidade.

D_RS10: Descoñecemento dos mecanismos de actuación e normativas contra o acoso na UDC.

D_RS11: Déficit de recursos persoais para implantar unha xestión de residuos ecolóxica e avanzada no eido da economía circular.

D_RS12: Déficit de recursos persoais para implantar os diferentes programa organizativos na OMA.

D_RS13: Pouca experiencia na avaliación ambiental de determinados centros e servizos mediante ferramentas como ISO 14001 ou EMAS (*Eco-Management and Audit Scheme*).

D_RS14: Escaso recoñecemento das actividades de responsabilidade social e sustentabilidade para a carreira profesional.



FORTALEZAS

F_RS7: Compromiso co desenvolvemento da comunidade autónoma (ex. apoio a actividades de dinamización da lingua galega).

F_RS8: Promoción da igualdade de xénero coa dotación dun centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF) e dunha rede para a docencia e investigación con perspectiva de xénero que actúan como redes de traballo colaborativo entre os docentes implicados.

F_RS9: A rede de bibliotecas: persoal cualificado, recursos bibliográficos e documentais e instalacións físicas.

F_RS10: Inclusión progresiva do alumnado do título propio Espazo Compartido noutras titulacións.

F_RS11: Existencia dun sistema proactivo de vixilancia da saúde con bos medios organizativos, persoais e técnicos.

F_RS12: A UDC conta cun perfil docente e investigador forte en eidos relacionados co medio ambiente e a sustentabilidade que deben ser aproveitados e potenciados na actual situación de crise ambiental e climática.

F_RS13: Existencia dun **Campus de Sustentabilidade** que potencia o labor da UDC neste campo.

F_RS14: Existencia de perfís docentes e investigadores con traxectoria no eido da responsabilidade social.

F_RS15: Colaboración coa sociedade a través de entidades e asociacións no eido da promoción da vida saudable.

F_RS16: A dispoñibilidade de NORMAL, Espazo de Intervención Cultural na cidade da Coruña que dá cabida a novas linguaxes artísticas e culturais.



Planificación extratéxica



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Seguindo o proceso de elaboración do plan, tras a realización da diagnose estratéxica, os grupos de traballo avanza na fase 3 e 4 co establecemento dos obxectivos estratéxicos, os obxectivos operativos e a proposta de proxectos e accións por áreas.

Este **Plan estratéxico 2022-2026** preséntase como un conxunto de medidas que se van desenvolver no devandito período coa finalidade de lograr resultados medibles no prazo establecido que permitan a consecución dos obxectivos e os indicadores fixados.

6.1

Obxectivos estratéxicos

Tendo en conta a visión, a misión e os valores da UDC, cada un dos grupos de traballo estableceu unhas metas prioritarias para conseguir nos próximos anos, de maneira que poida medirse o seu alcance mediante uns indicadores. Así, concréntanse por áreas os seguintes obxectivos estratéxicos:

Área estratéxica 01

Docencia e aprendizaxe

Os plans de estudo da universidade atópanse en continua evolución. Esta área persegue fortalecer a calidade de ensino e aprendizaxe a través da definición dunha serie de actuacións que sirvan para adaptar a oferta académica ás

demandas sociais emerxentes e a impulsar a captación e a retención do talento na UDC.

Establécense catro obxectivos estratéxicos:

DOC_OE1: Impulsar a captación e a retención de talento

Proponse impulsar instrumentos que faciliten a atracción de talento de estudantes, docentes e investigadores e medidas que lles garantan unha carreira estable, predicible e con posibilidades de promoción, de forma que non se perda o persoal coa descapitalización que iso comporta.



DOC_OE2: Impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensino e aprendizaxe

A calidade en educación superior relaciónase coa idea dunha mellora continua que implique eficacia, responsabilidade e compromiso da UDC co persoal docente e o estudantado. Mellorar os sistemas de comunicación entre estes dous colectivos para que o alumnado adquira un carácter máis cooperativo é un dos obxectivos que se pretende cumprir nos próximos anos, así como poñer en marcha iniciativas que supoñan activar a aprendizaxe do estudantado e con iso conseguir que a UDC sexa referente no logro dos obxectivos formativos e a eficiencia no emprego dos recursos docentes.




DOC_OE3: Construír unha oferta formativa innovadora que responda ás demandas e aos retos sociais da nosa contorna

A UDC quere ser unha institución próxima ao tecido produtivo e á sociedade da súa contorna. Esta proximidade coa contorna facilitaralle a información sobre os novos retos. A partir deste input poderá desenvolver unha oferta formativa innovadora na que a cooperación coas empresas suporá un elemento clave en toda a estratexia. A calidade, a transversalidade e a interdisciplinariade son os principios nos que se basea a nova oferta formativa.



DOC_OE4: Potenciar unha formación orientada á inserción laboral e promover o emprendemento para os egresados/as

Queremos contribuír a fomentar a cultura do emprendemento aproveitando o potencial do estudantado e o profesorado, fomentando un espírito crítico e unha participación máis activa que permita desenvolver ideas innovadoras que melloren o funcionamento social, político e/ou económico.



Área estratéxica 02

Investigación e transferencia

O obxectivo da UDC é reforzar a investigación, a transferencia e a innovación tanto no que se refire ao apoio de persoal


Establécense cinco obxectivos estratéxicos:

INV_OE1: Mellorar a xestión económico-administrativa da investigación e reforzar as estruturas de centros de investigación da UDC

Requírese unha mellora da coordinación entre as distintas unidades e da dixitalización e o establecemento de procedementos comúns para a creación, a xestión e a xustificación de proxectos competitivos, convenios e contratos de I+D+i.

INV_OE2: Impulsar unha investigación de calidade que potencie a internacionalización, a multidisciplinariedade e o liderado das unidades, as agrupacións, os institutos e os centros

Reforzar a internacionalización e a multidisciplinariedade e fortalecer unidades, agrupacións, institutos e centros de investigación axudará a estimular a produción científica da universidade. Trátase de construír unha cultura de investigación colaborativa que desenvolva políticas de captación e retención de talento, mellorando os procesos de selección, promoción e consolidación do persoal investigador e incrementando a visibilidade da actividade investigadora.




INV_OE3: Captar recursos económicos procedentes dos fondos Next Generation e apoiar a xestión económica e a xustificación dos Next Generation EU

Os fondos Next Generation EU supoñen unha oportunidade de financiamento para proxectos de investigación. Para iso, a UDC quere apoiar a xestión económica e a xustificación dos Next Generation EU.



INV_OE4: Definir e implantar un ecosistema dinamizador da actividade investigadora e de transferencia, e incrementar a colaboración coas empresas do contorno

Promover e mellorar a competencia no ámbito da investigación e da transferencia é un obxectivo relacionado coas actividades que axudarán a estimular a produción científica e o desenvolvemento tecnolóxico de calidade. Para iso, farase un esforzo en investir e facilitar recursos de apoio á transferencia e intensificaranse as relacións que faciliten a vinculación dos grupos de investigación con empresas da contorna.




INV_OE5: Mellorar os procesos de selección, promoción e consolidación do persoal docente e investigador na institución, e favorecer o desenvolvemento da súa carreira investigadora

O talento debe ter un lugar relevante como recurso estratéxico dentro da universidade. Por iso, este obxectivo trata de desenvolver accións orientadas á retención e á captación de novo talento, facilitando o seu acceso á nosa institución e a rápida integración. Investir na xestión do talento tradúcese en xeracións de profesionais cada vez máis cualificados, o que deriva nun beneficio por fomentar a investigación de calidade.

Ter unha universidade co certificado HR Excellence in Research identifica a cunha institución comprometida co óptimo trato ao persoal investigador. Por iso, para conseguir a consecución deste obxectivo defínense programas dirixidos a mellorar a captación e a retención e axilizar a xestión interna de selección, contratación e promoción do persoal docente e investigador.



HR EXCELLENCE IN RESEARCH



Área estratéxica 03

Financiamento e uso eficiente dos recursos

Esta área persegue novos modelos de xestión e financiamento máis estables que permitan a sustentabilidade económica mantendo os niveis de calidade que se demandan. Por iso, establécense unha serie de obxectivos orientados a un maior control dos recursos dos que dispoñemos, a unha mellora nos

procesos administrativos e á diversificación nos medios de financiamento por medio de alianzas externas e contratos programa que o vinculen á responsabilidade na consecución de obxectivos.

Establécense cinco obxectivos estratéxicos:

ECO_OE1: Mellorar o rendemento económico-financeiro e o control do gasto

O obxectivo é levar a cabo unha xestión baseada no principio de responsabilidade, utilizando os recursos públicos de forma eficiente e sustentable. Para iso é necesario aumentar a coordinación entre unidades que apoian a investigación, dixitalizar a xestión, establecer procedementos comúns para participar en proxectos competitivos, convenios e contratos de I+D+i e reforzar os recursos necesarios para a rápida avaliación de resultados e a mellora da transparencia institucional.



ECO_OE2: Captar recursos de forma proactiva e explorar novas fontes de financiamento públicas e privadas

As universidades necesitan fondos para poder xerar valor na sociedade, darlles continuidade ás súas funcións e ser competitivas nunha sociedade cada vez máis global e cunha maior incerteza. Ante este escenario deben buscar novas fontes de ingresos, públicas e privadas, que lles permitan sobrevivir nesta contorna global. A UDC propón ser máis proactiva e efectiva na procura de fontes de ingresos que lle permitan facer fronte ao incremento do custo da vida e aos novos retos globais.



ECO_OE3: Mellorar o aforro económico ou enerxético, avanzar en programas de eficiencia enerxética e renovar as instalacións de climatización, mobiliario e equipamento de acordo con criterios de vida útil

Este obxectivo busca o aforro económico, ademais do aforro enerxético, como consecuencia do seu compromiso medioambiental. Por isto, requírese un plan de infraestruturas e de mellora dos equipamentos, adecuado aos fins académicos e de servizo ao ben común e á sociedade.



ECO_OE4: Captar recursos económicos procedentes dos fondos Next Generation e apoiar a xestión económica e a xustificación dos fondos

Esta área persegue novos modelos de xestión e financiamento máis estables que permitan a sustentabilidade económica mantendo os niveis de calidade que se demandan. Por iso, establécense unha serie de obxectivos orientados a un maior control dos recursos dos que dispoñemos, a unha mellora nos procesos administrativos e a diversificación nos medios de financiamento desenvolvendo alianzas externas e contratos programa que o vinculen á responsabilidade na consecución de obxectivos



ECO_OE5: Avanzar nunha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos

Existe unha alta burocratización dos trámites económico-administrativos que dificultan a xestión en todas as áreas, o que finalmente implica unha perda de axilidade e eficacia. Por iso, este obxectivo está encamiñado á simplificación dos procesos a través da dixitalización e da visibilización das boas prácticas nas políticas de recursos persoais da UDC.



Área estratéxica 04

Internacionalización

A UDC é unha universidade con vocación internacional que traballa coa aspiración de avanzar no eido da internacionalización da docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento.

INT_OE1: Captar e reter talento procedente do estranxeiro e potenciar un ambiente universitario internacional

Potenciar a formación e a atracción de estudantes estranxeiros é un aspecto clave para a mellora da educación, a investigación, a innovación e o desenvolvemento socioeconómico. Para iso, traballaremos en mellorar a nosa universidade como un destino atractivo, mediante estratexias orientadas á calidade, á visibilidade, ao recoñecemento e ao posicionamento internacional.

INT_OE2: Conseguir unha mobilidade internacional crecente, entrante e saínte, de toda a comunidade universitaria

Nesta contorna de globalización e apertura ao exterior, as universidades deben responder á demanda crecente de persoal cualificado para desenvolver o seu traballo e con capacidade para innovar e emprender.

INT_OE3: Incrementar as oportunidades para mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria

Este obxectivo persegue a “internacionalización na casa”, de maneira que a maioría de estudantes, persoal docente e persoal investigador adquiren as competencias lingüísticas necesarias para poder beneficiarse da internacionalización. A dixitalización será un potencial aliado para o cumprimento deste obxectivo, tanto pola comunicación colaborativa internacional como por consideralo un recurso lingüístico clave de apoio á xestión.

Establécense cinco obxectivos estratéxicos:



INT_OE4: Potenciar a proxección e a presenza internacional da UDC

Neste contexto de competencia globalizada terase que dar unha maior visibilidade á nosa universidade e desenvolver accións encamiñadas a adecuar programas formativos á oferta internacional, estimulando a produción científica en todas as ramas do coñecemento e fomentando a transferencia e a innovación.



INT_OE5: Optimizar a xestión académica e administrativa para desenvolver os programas de internacionalización

A internacionalización, como eixe transversal á actividade propia da UDC, debe ter un enfoque normativizado e sinxelo na súa implementación. Para iso, a adecuación da normativa interna da universidade e a simplificación de procesos de xestión administrativa, de información e de comunicación suporá un grande avance na nosa proxección de institución global e aberta.



Área estratéxica 05

Responsabilidade social e sustentabilidade

No ámbito da implicación social e o desenvolvemento sustentable, o plan estratéxico persegue profundar no compromiso da UDC coa sociedade como ferramenta complementaria das actividades propias da universidade. Esta mostra unha especial implicación no mantemento do

campus como territorio sustentable, á vez que conciencia na igualdade social e promove actividades relacionadas coa vida saudable e a sustentabilidade.

Establécense cinco obxectivos estratéxicos:

RS_OE1: Posicionar a UDC como unha universidade con identidade propia que impulsa o cambio social, a cultura e a lingua galegas, así como a paz e a solidariedade entre os pobos para unha cidadanía global

Este obxectivo busca proxectar a UDC como unha institución que impulsa o cambio social, a cultura e a lingua. Queremos contribuír á paz dos nosos pobos e concienciar a nosa comunidade universitaria da necesidade de facer un mundo máis igualitario, xusto e sustentable.



RS_OE2: Situar a nosa universidade como unha Institución responsable do seu impacto ambiental

Abordaranse medidas para a mellora da eficiencia e o aforro enerxético e a promoción das enerxías renovables nos edificios universitarios, convertendo a nosa institución nun axente dinamizador da sociedade e formador de profesionais que asuman, desde as súas futuras responsabilidades, decisións que repercutirán no consumo enerxético.



RS_OE3: Intensificar as accións da universidade que promocionan hábitos, rutinas e estilos de vida saudables, en especial a atención biopsicosocial e a xestión proactiva e preventiva da vixilancia da saúde con estratexias dirixidas a toda a comunidade universitaria

Na UDC estendemos o noso compromiso coa saúde e a seguridade a todas as nosas actuacións. Trátase de participar na coordinación e a realización de diferentes actuacións de vida saudable na comunidade universitaria con proxección social: actividade física e actividade cotiá; lecer e tempo libre; alimentación saudable; benestar psicosocial; uso e abuso de alcohol, tabaco, drogas e outras adicións; inclusión saudable das persoas con diversidade e fragilidade nas persoas (infancia, maiores, enfermidades); ou orientación pedagóxica, entre outros .



RS_OE4: Identificar a UDC como unha universidade feminista libre de violencias de xénero

A UDC entende a súa institución como un espazo aberto que prevén e actúa sobre as causas que sustentan as desigualdades de xénero. Desde os cimentos da nosa cultura universitaria, buscaranse mecanismos de acompañamento e asesoramento á violencia de xénero que se produza nos campus e impulsaranse programas para a conciliación familiar, así como unha cultura de impulso á igualdade entre homes e mulleres no ámbito académico-científico, social e cultural.



RS_OE5: Incentivar e fomentar unha cultura de non discriminación

Debemos ter a mirada posta en dúas cuestións fundamentais no que respecta á diversidade: en primeiro lugar, na educación é onde se viven gran parte de conflitos culturais; en segundo lugar, é na educación onde se pode influír de forma máis directa en sentar as bases dunha convivencia intercultural.



07






Plan de acción



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O plan de acción está dirixido a desenvolver o plan executivo mediante accións/programas concretos, que lle permitan á UDC acadar os seus obxectivos estratéxicos (OE) e obxectivos operativos (OP) nos próximos anos. Así, estes programas expóñense como un conxunto de medidas para desenvolver por actores específicos co fin de lograr resultados medibles no prazo deste plan estratéxico.

No apartado de planificación estratéxica esbozouse xa o mapa que concreta os diferentes obxectivos que se queren alcanzar en cada unha das áreas. En definitiva, o plan de acción concrétase, para cada unha das áreas estratéxicas, da seguinte maneira:



Área estratéxica 01

Docencia e aprendizaxe



DOC_OE1: IMPULSAR A CAPTACIÓN E A RETENCIÓN DE TALENTO

DOC_OP1

Deseñar e implantar políticas de captación e retención de estudantado

P1_Doc.- Intensificación da colaboración co ensino medio e superior non universitario a través do desenvolvemento de foros e encontros co persoal orientador, profesorado e estudantado destes niveis educativos (por exemplo, xornadas de portas abertas, charlas de divulgación científica, visitas a centros de secundaria, concursos ou premios).

P2_Doc.- Impulso de convenios de dobre titulación con universidades de prestixio.

P3_Doc.- Aumento da visibilidade dos recoñecementos de excelencia das diferentes titulacións.

P4_Doc.- Potenciación do programa Alumni para amosarlle ao futuro alumnado o potencial dos nosos títulos.

P5_Doc.- Incentivo da boa traxectoria académica do estudantado con premios ou recoñecementos.

P6_Doc.- Intensificación da oferta de formación en formato aberto para compartir coñecemento e abrir a universidade á sociedade (por exemplo, MOOC de carácter divulgativo ou deseñado como curso 0 ou de nivelación).

P7_Doc.- Fomento de espazos de interacción e conexión nos campus que favorezan a relación e a aprendizaxe.

DOC_OP2

Deseñar e implantar políticas de fidelización do estudantado

P8_Doc.- Reforzo do acompañamento/seguimento do estudantado durante a súa etapa formativa a través do PAT e a través de programas de mentoría nas diferentes titulacións.

P9_Doc.- Desenvolvemento dunha estratexia global eficaz para combater o abandono dos estudos nalgunhas titulacións.

P10_Doc.- Fomento da compatibilidade da formación coa actividade profesional do estudantado: flexibilidade na oferta formativa a través de modalidades que faciliten a conciliación persoal e laboral.

DOC_OE2: IMPULSAR E FORTALECER A CALIDADE NOS PROCESOS DE ENSINO E APRENDIZAXE

DOC_OP3 Potenciar a innovación no ámbito docente

P11_Doc.- Mellora dos espazos físicos e virtuais para fomentar a transformación do proceso de aprendizaxe.

P12_Doc.- Promoción da formación específica en competencias dixitais docentes.

P13_Doc.- Visibilización e recoñecemento das boas prácticas docentes.

P14_Doc.- Impulso da formación do profesorado en metodoloxías innovadoras centradas no estudiantado.

P15_Doc.- Impulso dos grupos de innovación docente.

P16_Doc.- Promoción dos proxectos de innovación docente.

P17_Doc.- Impulso da formación do profesorado no liderado e en competencias relacionadas co traballo en equipo, para mellorar a coordinación interna nas titulacións.

DOC_OP4 Potenciar e promover os procesos de calidade

P18_Doc.- Estímulo do programa Docencia para garantir a calidade do profesorado e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento.

P19_Doc.- Fomento do proceso de certificación dos SGC implantados nos centros, a través da acreditación institucional.

P20_Doc.- Deseño e impulso dun marco de desenvolvemento profesional docente.

P21_Doc.- Mellora da formación e información ao estudiantado sobre o seu papel activo nos procesos de garantía da calidade.

P22_Doc.- Mellora das enquisas de docencia para o proceso de avance continuo e adaptación destas a novos formatos de docencia.

VI XORNADAS DE INNOVACIÓN DOCENTE NA UDC

Contextos Universitarios Transformadores: a innovación como eixo vertebrador da docencia

20 DE MAIO 2022

Fac. de CC. da Educación

Prazo de inscrición:
ata o 1 de maio do 2022



Vicerreitoría de Planificación
Académica e Innovación Docente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Patrocinan:

CONSULTA O PROGRAMA E
INSCRIBETE GRATIS
NA WEB DO CUFIE



DOC_OE3: CONSTRUIR UNHA OFERTA FORMATIVA INNOVADORA QUE RESPONDA ÁS DEMANDAS E AOS RETOS SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

DOC_OP5

Potenciar e implementar un modelo integral de formación continua

P23_Doc.- Creación de novas titulacións que dean cobertura a novos sectores estratéxicos da contorna.

P24_Doc.- Actualización dos plans de estudo pola obsolescencia natural que experimentan as titulacións.

P25_Doc.- Incorporación de profesorado con competencias docentes específicas nos graos e mestrados.

P26_Doc.- Promoción dos graos de carácter multidisciplinar que lle proporcionen ao alumnado unha formación sólida de base que lle permita orientar o seu futuro laboral cara a diferentes perfís profesionais emerxentes.

P27_Doc.- Identificación e desenvolvemento de novas competencias transversais e brandas (dixitais, lingüísticas, medioambientais, de responsabilidade social e emprendemento etc.) e a súa integración nos itinerarios formativos.

P28_Doc.- Reforzo da aprendizaxe-servizo (ApS) na UDC.

P29_Doc.- Reforzo das dobres titulacións, os graos abertos en diferentes ámbitos e a incorporación de microcredenciais como formación transversal nos títulos.

P30_Doc.- Impulso de cambios nos plans de estudos que incidan en competencias dixitais, lingüísticas e medioambientais.



Guía de BOAS PRÁCTICAS DE APRENDIZAXE E SERVIZO na Universidade da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Editan:
Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)
Centro Universitario de Formación e Innovación (CUFIE)

DOC_OE4: POTENCIAR UNHA FORMACIÓN ORIENTADA Á INSERCIÓN LABORAL E PROMOVER O EMPRENDIMENTO PARA OS EGRESADOS/AS

DOC_OP6

Reforzar os vínculos entre a UDC e o contorno empresarial

P31_Doc.- Creación dun centro de formación permanente que permita responder de forma áxil e próxima ás necesidades cambiantes de formación.

P32_Doc.- Desenvolvemento e fomento de programas de formación continua e actualización tecnolóxica para profesionais.

P33_Doc.- Continuación do impulso das actividades da universidade sénior nos campus universitarios e fóra deles a través dos programas no contorno rural.

P34_Doc.- Impulso á colaboración con entes públicos e privados para a realización de estudos que permitan coñecer ou detectar que demanda o contorno profesional.

P35_Doc.- Fomento das cátedras, os convenios e os programas de colaboración coas empresas da contorna.

P36_Doc.- Orientación dos TFG e TFM a resolver necesidades e casos prácticos en empresas e institucións, nos casos que sexa posible, factible ou teña sentido.

P37_Doc.- Promoción dos doutoramentos industriais.

P38_Doc.- Incentivos no programa Alumni polo seu carácter conector ou de nexo de unión entre a Universidade e o contorno profesional.

P39_Doc.- Impulso na creación de titulacións de grao e mestrados duais.

P40_Doc.- Promoción/reforzo dentro dos títulos ou dos centros á organización de seminarios para estudantes impartidos por profesionais externos.

P41_Doc.- Impulso da realización de visitas de estudantes a entidades (empresas, sector público, centros de emprendemento, etc.) para achegar ao alumnado o funcionamento da actividade profesional.

P42_Doc.- Reforzo dos programas de mellora de empregabilidade (PMEC)

P43_Doc.- Desenvolvemento de formación para formadores/as (PDI e PAS-técnicos) nos itinerarios formativos de novas competencias transversais e brandas que favorecen o emprendemento.

P44_Doc.- Aproveitamento dos foros e das feiras de emprego como actividades de referencia para o estudantado.

P45_Doc.- Promoción de actividades de formación e información sobre emprendemento que, en última instancia, conduzan á consideración da UDC como "universidade emprendedora".

P46_Doc.- Visibilización da Unidade de Emprego como motor/dinamizador das actividades de mellora da inserción laboral e emprendemento do estudantado.

P47_Doc.- Potenciar o desenvolvemento de estudos de inserción laboral e de emprendemento.

P48_Doc.- Fomento no currículo do estudantado de formación sobre empregabilidade e emprendemento.

P49_Doc.- Axuda/impulso á participación do estudantado en programas, proxectos e concursos de fomento do emprendemento, resolución de retos etc.

P50_Doc.- Incorporación, nas materias nas que sexa posible, de metodoloxías docentes que potencien a adquisición de competencias transversais.

DOC_OP7

Incorporar a cultura do emprendemento e a carreira profesional en todas as fases do proceso formativo xunto co apoio á inserción laboral

Área estratéxica 02

Investigación e transferencia

INV_OE1: MELLORAR A XESTIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA DA INVESTIGACIÓN E REFORZAR AS ESTRUTURAS DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN DA UDC

INV_OP1
Mellorar
as unidades
especializadas
de apoio á xestión
económico-
administrativa de
investigación

P1_Inv. Reforzar as unidades que apoian a investigación establecendo unha comisión para a coordinación e a dirección da xestión económico-administrativa da investigación.

P2_Inv.- Creación, por parte de comisión coordinadora, de protocolos de actuación para a xestión económico-administrativa da investigación.

P3_Inv.- Adquisición e implementación dun *software* e das pasarelas necesarias para a xestión económico-administrativa da investigación.

INV_OP2
Reforzar os
recursos
persoales e as
súas competen-
cias e os recursos
das estruturas de
investigación da
UDC

P4_Inv.- Elaboración de material audiovisual para a formación de IP e formación de persoal de xestión económico-administrativa de proxectos de investigación.

P5_Inv.- Afianzamento da formación continua e a actualización do persoal dos diferentes servizos/ unidades co fin de dar o apoio adecuado nas distintas etapas da investigación.



INV_OE2. IMPULSAR UNHA INVESTIGACIÓN DE CALIDADE QUE POTENCIE A INTERNACIONALIZACIÓN, A MULTIDISCIPLINARIEDADE E O LIDERADO DAS UNIDADES, AGRUPACIÓNS, INSTITUTOS E CENTROS

INV_OP3

Desenvolver e potenciar programas de captación e retención de talentos

P7_Inv. - Consolidación das políticas de captación de talento do programa BERCE.

P8_Inv.- Impulso á retención do talento a través de programas de bolsas-ponte entre convocatorias competitivas. Axudar á retención do talento de programas de bolsas-ponte entre convocatorias competitivas.

INV_OP4

Apoiar e promover a visibilidade, a divulgación científica e o impacto da investigación da UDC

P9_Inv.- Reforzo de financiamento e posicionamento da UDC en plataformas de divulgación da investigación na rede.

P10_Inv.- Creación dun programa de formación sobre a optimización dos procesos de publicación para aumentar o impacto e a visibilidade.

P11_Inv.- Fomento dun depósito de datos de investigación nos repositorios adecuados (institucional ou internacionais) baixo os principios FAIR.

P12_Inv.- Establecemento dunha política de ciencia aberta que recolla os compromisos da institución.

INV_OP5

Incrementar a internacionalización da investigación da UDC

P13_Inv.- Fomento de encontros de persoal investigador con grupos estranxeiros.

P14_Inv.- Apoio á elaboración de propostas de solicitudes á convocatorias de proxectos internacionais.

P15_Inv.- Mantemento as axudas posdoutorais existentes para a mobilidade.

INV_OP6

Potenciar as plataformas e os recursos de apoio á investigación e contribuír á mellora destas

P16_Inv.- Elaboración dun programa de apoio e formación específico para as áreas de baixa produción científica.

P17_Inv.- Apoio á captación de infraestruturas singulares e investigadores en programas para facilitar os procesos de acreditación.

P18_Inv.- Establecemento dos procedementos para a participación do persoal investigador en centros de investigación propios da UDC e noutros centros interuniversitarios.

P19_Inv.- Apoio ao Comité de Ética da Investigación e Docencia da UDC para conseguir a súa acreditación

P20_Inv.- Seguimento e vixilancia do inventario e o uso adecuado dos espazos de investigación da UDC.



INV_OE3³: CAPTAR RECURSOS ECONÓMICOS PROCEDENTES DE FONDOS NEXT GENERATION EU E APOIAR A COORDINACIÓN DA XESTIÓN DOS FONDOS

INV_OP7 Impulsar a captación de fondos Next Generation EU

P21_ Inv.- Presentación de proxectos integrais de eficiencia enerxética e enerxías renovables en convocatorias de fondos europeos (Fondo REACT, MRR e outros fondos) de financiamento público ou público-privado de concorrencia competitiva.

P22_ Inv.- Presentación de proxectos estratéxicos para a recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

P23_ Inv.- Creación da Oficina Next Generation e da rede de apoio para o seguimento e execución dos proxectos institucionais e interdisciplinares desenvolvidos con Next Generation EU.

P24_ Inv.- Formación do persoal da oficina Oficina Next Generation e de persoal de servizos involucrados na xestión e na xustificación dos fondos.

P25_ Inv.- Elaboración e presentación de propostas aos Next Generation EU orientados á dixitalización da xestión de investigación, á mellora das infraestruturas e equipamentos da UDC asociados ás liñas de especialización e á mellora en materia de transferencia de coñecemento.

INV_OP8 Apoiar a xustificación dos fondos Next Generation EU

P26_ Inv.- Fortalecemento da xestión e xustificación de fondos Next Generation.

Xornadas Informativas

Fondos

Next

Generation EU

2 e 3 de novembro
Reitoría da UDC (Rúa da Mestranza, 9)

NEXTGENERATIONEU
#NextGenerationEU #EUBudget

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CAMPUS INDUSTRIAL
XUNTA DE GALICIA
Campus Sustentabilidade

3. Correspondencia co obxectivo estratéxico 4 de financiamento e uso eficiente dos recursos (ECO_OE4)

INV_OE4: DEFINIR E IMPLANTAR UN ECOSISTEMA DINAMIZADOR DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA, E INCREMENTAR A COLABORACIÓN COAS EMPRESAS DA CONTORNA

INV_OP9

Aumentar e mellorar os recurso de apoio á transferencia de resultados

P27_Inv.- Adquisición dunha plataforma dixital unificada para o rexistro e seguimento dos indicadores de transferencia.

P28_Inv.- Elaboración de protocolos comúns para transferir os resultados da investigación.

INV_OP10

Intensificar a relación con institucións, empresas e entidades sociais

P29_Inv.- Organización de eventos UDC-empresa por sectores.

P30_Inv.- Asistencia activa a feiras empresariais en todos os sectores nos que a UDC teña investigación.

P31_Inv.- Organización de xornadas Alumni-UDC para o establecemento de posibles colaboracións con empresas.

P32_Inv.- Actualización e promoción anual da oferta tecnolóxica da UDC por centro de investigación e de maneira xeral.

P33_Inv.- Promoción, entre as empresas, dos ensaios acreditados dispoñibles na UDC.

P34_Inv.- Impulso aos doutoramentos industriais para favorecer a conexión empresa-universidade.

P35_Inv.- Elaboración dun protocolo de colaboración entre os órganos da UDC implicados na transferencia.

P36_Inv.- Estudo e análise do uso de novos instrumentos, como os axentes de coñecemento (knowledge brokers), para a valorización dos resultados da investigación.

P37_Inv.- Promoción de colaboracións coas outras universidades do SUG buscando complementariedade na oferta de servizos ao sector empresarial.

P38_Inv.- Captación de fondos para infraestruturas singulares asociadas a ensaios acreditables, garantindo tamén a necesaria presenza de persoal técnico para a súa xestión.



INV_OE5: MELLORAR OS PROCESOS DE SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NA INSTITUCIÓN, FAVORECENDO O DESENVOLVEMENTO DA SÚA CARREIRA INVESTIGADORA

INV_OP11

Avaliar e impulsar unha estrutura de persoal docente e investigador (PDI) adecuándoo ao modelo de persoal actual

P39_Inv.- Revisión das normativas internas da UDC, para identificar a existencia de barreiras ao desenvolvemento da carreira investigadora de profesorado pertencente a áreas con baixa produción científica e, de ser posible, modificalas.

INV_OP12

Mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais aliñando os procedementos coas directrices do logo europeo HRS4R

P40_Inv.- Coordinación das solicitudes de figuras de captación de talento co mapa de necesidades elaborado.

P41_Inv.- Aliñamento dos procedementos de selección/contratación de persoal investigador coas novidades lexislativas de acordo coas directrices do logo HRS4R.

Área estratéxica 03

Financiamento e uso eficiente dos recursos

ECO_OE1: MELLORAR O RENDEMENTO ECONÓMICO-FINANCEIRO E CONTROL DO GASTO

ECO_OP1

Optimizar e controlar a xestión económica e financeira da UDC mellorando a distribución e intensificando o uso de recursos

P1_Eco.- Creación dun grupo de traballo para o control e seguimento mensual do gasto e dos ingresos asociados e para o deseño integral dun sistema para a contabilidade orzamentaria.

P2_Eco.- Implantación e publicación dun sistema de contabilidade analítica e da integración dos sistemas informáticos.

P3_Eco.- Control do gasto de persoal de reforzo.

P4_Eco.- Plan de seguimento e control da execución do financiamento alleo (convenios de colaboración en materia de financiamento universitario).

ECO_OE2: CAPTAR RECURSOS DE FORMA PROACTIVA E EXPLORAR NOVAS FONTES DE FINANCIAMENTO PÚBLICAS E/OU PRIVADAS

ECO_OP2

Mellorar a captación de recursos e potenciar relacións na contorna

P5_Eco.- Posta en valor das liñas estratéxicas de especialización da UDC a través de demostradores focalizados nos diferentes piares de sustentabilidade e de innovación dixital e tecnolóxica.

P6_Eco.- Proposta de novos programas de mecenado, patrocinio e *crowdfunding*.

ECO_OE3: MELLORAR O AFORRO ECONÓMICO OU ENERXÉTICO, AVANZAR EN PROGRAMAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E RENOVAR AS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN, MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DE ACORDO CON CRITERIOS DE VIDA ÚTIL

ECO_OP3

Mellorar, concienciar e modernizar as infraestruturas orientándoas cara á mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental

P7_Eco.- Programas de formación, concienciación e planificación para os usuarios en xestión económica.

P8_Eco.- Programas de formación, concienciación para os usuarios en termos de eficiencia enerxética.

P9_Eco.- Adhesión á rede Redexga (Inega) de centros con compra de enerxía.

P10_Eco.- Presentación de proxectos integrais de eficiencia enerxética e enerxías renovables en convocatorias autonómicas e nacionais de financiamento público ou público-privado de concorrencia competitiva.

P11_Eco.- Dotación orzamentaria para equipamento tecnolóxico dos diferentes centros docentes vía financiamento alleo.

P12_Eco.- Desenvolvemento de anteprojectos, proxectos e estudos técnicos.

P13_Eco.- Plan de urbanización, rehabilitación e edificación para a Cidade das TIC, para o **Campus Industrial de Ferrol, Campus de Elviña, Zapateira, Riazor, Oza e Oleiros**.

P14_Eco.- Programa de implantación de enerxías renovables en diferentes edificios dos campus da UDC.

P15_Eco.- Programas de optimización de usos, espazos e recursos.



ECO_OE4: CAPTAR RECURSOS ECONÓMICOS PROCEDENTES DE FONDOS NEXT GENERATION E APOIAR A XESTIÓN ECONÓMICA E A XUSTIFICACIÓN DOS FONDOS

ECO_OP4

Facilitar a captación de ingresos procedentes de plans europeos dotando de recursos materias, organizativos e persoales

P16_Eco.- Presentación de proxectos integrais de eficiencia enerxética e enerxías renovables en convocatorias de fondos europeos (Fondo REACT, MRR e outros fondos) de financiamento público ou público-privado de concorrencia competitiva.

P17_Eco.- Presentación de proxectos estratéxicos para a recuperación, a transformación e a resiliencia (PRTR).

P18_Eco.- Creación da Oficina Next Generation e da rede de apoio para o seguimento e execución dos proxectos institucionais e interdisciplinares desenvolvidos con fondos Next Generation EU.

P19_Eco.- Formación do persoal da oficina Next Generation EU e de persoal de servizos involucrados na xestión e a xustificación dos fondos.

P20_Eco.- Elaboración e presentación de propostas aos fondos Next Generation EU orientados á dixitalización da xestión de investigación, á mellora das infraestruturas e equipamentos da UDC asociados ás liñas de especialización e á mellora en materia de transferencia de coñecemento.

P21_Eco. Fortalecemento da xestión e xustificación de fondos Next Generation EU.

ECO_OP5

Apoiar a xustificación dos fondos Next Generation EU

ECO_OE5: AVANZAR NUNHA XESTIÓN EFICIENTE, RESPONSABLE E TRANSPARENTE DOS RECURSOS PÚBLICOS

ECO_OP6

Avanzar na transformación dixital e na administración electrónica para mellorar na política de transparencia e simplificar a automatización de procesos

P22Eco.- Integración informática coas plataformas de xestión da Xunta (actualmente SILEX, SEF e CODEX) e continuación con UXXI.

P23_Eco.- Programa de dixitalización integral da actividade académica, da actividade investigadora, da xestión administrativa e da ciberseguridade.

P24_Eco.- Programa de xestión documental para a mellora nas clasificacións vinculadas coa transparencia.

P25_Eco.- Plan de formación en competencias dixitais.

P26_Eco.- Implantación do Programa HRS4R.

ECO_OP7

Progresar nas políticas de recursos persoales para a implantación da carta e o código de boas prácticas

Área estratéxica 04

Internacionalización



INT_OE1: POTENCIAR UN AMBIENTE UNIVERSITARIO INTERNACIONAL

INT_OP1

Reforzar a cooperación internacional en materia de recoñecemento, mobilidade, calidade e promoción comercial da UDC

P1_Int Asistencia a feiras internacionais e outros eventos de difusión.

P2_Int Participación en redes internacionais (YERUN, YUFE, LERU, WUN, EASSH)

P3_Int Promoción de convenios con institucións estranxeiras para a captación de alumnado e persoal.

P4_Int Simplificación da admisión de estudantado internacional regular.

P5_Int Convocatoria de bolsas de matrícula para o estudantado estranxeiro e facilidades para o seu acceso á residencia universitaria.

P6_Int Programas de refuxiados da OCV para a cooperación internacional.

P7_Int Acción dirixida ao fomento da participación de profesorado estranxeiro no ensino regulado.

P8_Int Convocatoria de programas para intercambios virtuais.

P9_Int Oferta de formación en internacionalización na casa e internacionalización do currículo para PAS e PDI respectivamente.

P10_Int Promoción dos programas de estudantes visitantes (study abroad programmes).

P11_Int Consolidación da organización da *International Summer School (ISS)*.

P12_Int.- Promoción de participación en accións conxuntas da UE como *Erasmus Mundus, European Universities*.

P13_Int.- Convocatoria de axudas ao persoal da UDC para fomentar o desenvolvemento de titulacións internacionais.

P14_Int.- Revisión do programa de incentivos orientados a promover a internacionalización a través de recoñecementos institucionais (premios, axudas etc.).

P15_Int.- Implantación de oferta estable de materias nos graos bilingües.

P16_Int.- Incentivos para o profesorado participante nos programas en inglés: descontos no POD, mérito para docencia, mérito para complementos da ACSUG.

P17_Int.- Consolidación do Programa de Apoio Lingüístico (PALDI).

P18_Int.- Incentivar a participación nos cursos EMI ("*English as a Medium of Instruction*")


P19_Int.- Programas de seguimento para o profesorado acreditado.

P20_Int.- Avaliación dos programas de docencia en inglés que xa están implantados, cara á consecución da máxima calidade docente.

INT_OP2

Consolidar e potenciar os programas formativos e a oferta docente internacional

INT_OE2: CONSEGUIR UNHA MOBILIDADE INTERNACIONAL CRECENTE DE TODA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA



INT_OP3

Intensificar e promover a mobilidade con servizos de apoio e unha oferta atractiva de formación e prácticas

P21_Int Aumento do número de convenios de mobilidade.

P22_Int Comunicación das vantaxes da participación en accións internacionais.

P23_Int Impulso activo na participación do PAS nas *Staff Weeks* que teñen lugar na UDC e no estranxeiro.

P24_Int Fomento das colaboracións estratéxicas en materia de prácticas para impulsar a internacionalización e a empregabilidade e o emprendemento do estudiantado.

P25_Int Creación dun sitio web que aglutine as posibilidades de prácticas que ofertan as empresas/institucións a nivel europeo.

P26_Int Creación do *UDC Welcome Centre*.

P27_Int Colaboración coas asociacións e representantes de estudantes (ESN, AEGEE etc.).

P28_Int Creación dun plan de apoio ao estudiantado estranxeiro.

P29_Int Financiamento para a participación *in situ* da comunidade universitaria en proxectos de apoio ao desenvolvemento.

P30_Int Fomento de estadias de mobilidade de estudiantado e persoal procedente destes países.

INT_OE3: AUMENTAR AS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INT_OP4

Favorecer a impartición de formación permanente en inglés e fomentar a participación de toda a comunidade universitaria

P31_Int Mantemento da oferta de todos os cursos, tanto en niveis como en diversidade dos idiomas, do Centro de Linguas. Adaptación destes cursos ás novas demandas e necesidades da comunidade universitaria.

P32_Int Convocatoria de bolsas para mellorar as competencias lingüísticas para o profesorado e o estudiantado co fin de cursar idiomas no CdeL.

P33_Int Organización de cursos de carácter práctico e funcional en lingua inglesa destinados a distintos colectivos do PAS en consonancia co plano de formación deste colectivo.

P34_Int Incremento da oferta de cursos de nivel que acrediten o coñecemento de linguas.

P35_Int Impulso dos convenios con institucións de acreditación para diversos idiomas.

P36_Int Creación dun novo servizo de asesoría lingüística.

P37_Int Creación dun *hub* de recursos lingüísticos para a documentación administrativa en inglés.

INT_OE4: POTENCIAR A PROXECCIÓN E A PRESENZA INTERNACIONAL DA UDC

INT_OP5

Promover a participación en redes, proxectos e programas internacionais educativos, de innovación e de investigación

P38_Int.- Xornadas de difusión sobre accións do Erasmus+.

P39_Int.- Xornadas de difusión sobre as accións de internacionalización da UDC.

P40_Int.- Xornadas de formación sobre a xestión e a execución dos proxectos Erasmus+.

P41_Int.- Organización *Staff Weeks* de docencia específica nos centros.

P42_Int.- Fomento de convenios con empresas/institucións estratéxicas para o desenvolvemento internacional da UDC.

P43_Int.- Financiamento de accións para a participación da UDC en redes e proxectos.

P44_Int.- Apoio ao desenvolvemento de proxectos con persoal técnico.

P45_Int.- Apoio ao desenvolvemento de proxectos con persoal técnico especializado en cooperación.

P46_Int.- Optimización dos contidos da páxina web.

P47_Int.- Dinamización das redes sociais.

P48_Int.- Accións divulgativas de cara a amosar as oportunidades de internacionalización da UDC (reunións nos centros, *Staff Weeks*, boletíns).



INT_OP6

Promover a imaxe de marca da UDC e as accións de comunicación de cara ao exterior

INT_OE5: OPTIMIZAR A XESTIÓN ACADÉMICA E ADMINISTRATIVA PARA DESENVOLVER OS PROGRAMAS DE INTERNACIONALIZACIÓN

INT_OP7

Subministrar a formación e as competencias para traballar nun contorno internacional aberto

P49_Int.- Planificación de cursos relativos á internacionalización da UDC para a formación do PAS e o PDI.

P50_Int.- Adecuación das ferramentas informáticas ás necesidades da internacionalización.

P51_Int.- Simplificación e adecuación das normativas internas para facilitar as accións internacionais.



Área estratéxica 05

Responsabilidade social e sustentabilidade

RS_OE1: UNHA UNIVERSIDADE CON IDENTIDADE PROPIA QUE IMPULSA O CAMBIO SOCIAL, A CULTURA E A LINGUA GALEGAS ASÍ COMO A CONTRIBUCIÓN Á PAZ E Á SOLIDARIEDADE ENTRE OS POBOS PARA UNHA CIDADANÍA GLOBAL

RS_OP1 Promover o compromiso da comunidade universitaria co progreso social

P1_RS.- Obradoiros abertos á cidadanía, recuperación do río Lagar, limpeza de praias e reforestación do monte da Fraga.

P2_RS.- Cursos, seminarios, convocatorias, programas de voluntariado. Proxectos de sensibilización e outras propostas ofertadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado (curso formación básica en voluntariado, curso posgrao de cooperación e educación para o desenvolvemento; xornadas sobre interculturalidade; exposicións e dinámicas de sensibilización nos campus sobre temáticas relacionadas coa xustiza social, os DD. HH.).

P3_RS.- Fomento de accións de voluntariado con perspectiva de xénero.

P4_RS.- Impulso de actividades culturais e artísticas en diferentes espazos dos campus da Universidade da Coruña, así como fomento da participación da comunidade universitaria e da cidadanía desde o centro de intervención cultural NORMAL.

P5_RS.- Visibilización do ámbito cultural e artístico, nas súas diversas vertentes (artes visuais, música, artes performativas, literatura etc.) coa finalidade de que estea presente na vida da comunidade universitaria como un complemento fundamental para o desenvolvemento académico-personal do alumnado e para o benestar das persoas.

P6_RS.- Consolidación da Oficina de Medio Ambiente (OMA) cos recursos persoais e económicos necesarios.

P7_RS.- Implementación do Currículum Vítae Social UDC.

P8_RS.- Cursos, seminarios, convocatorias, programas de voluntariado e outras propostas ofertadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado (curso formación básica en voluntariado; curso posgrao de cooperación e educación para o desenvolvemento; xornadas sobre interculturalidade; exposicións e dinámicas de sensibilización nos campus sobre temáticas relacionadas coa xustiza social, os DDHH; convocatorias para levar a cabo accións de EpD, convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade para o alumnado e tamén a convocatoria de proxectos de coñecemento da Cooperación para PAS e PDI; premios para os mellores TFG e TFM en cooperación. Pertenza á RGCUD (Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento), que oferta formacións, concursos, seminarios, etc.

P9_RS.- Desenvolvemento de proxectos inclusivos e específicos para empatizar e comprender a diversidade e seguimento da súa difusión e coñecemento pola sociedade.

P10_RS.- Desenvolvemento de formación básica en vida saudable e desenvolvemento sustentable con perspectiva inclusiva e de xénero para membros de novo ingreso na comunidade UDC: PDI, PAS e estudiantado.

P11_RS.- Cursos, seminarios, convocatoria de accións de Educación para o Desenvolvemento (EpD), sensibilización e participación social, proxectos de sensibilización e programas de voluntariado e outras propostas ofertadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.

RS_OE1: UNHA UNIVERSIDADE CON IDENTIDADE PROPIA QUE IMPULSA O CAMBIO SOCIAL, A CULTURA E A LINGUA GALEGAS ASÍ COMO A CONTRIBUCIÓN Á PAZ E Á SOLIDARIEDADE ENTRE OS POBOS PARA UNHA CIDADANÍA GLOBAL

RS_OP2

Contribuír á dinamización da cultura galega e do seu patrimonio

P12_ RS.- Formación en competencias de lingua galega para o persoal da universidade, de cara á súa normalización real.

P13_ RS.- Incremento da docencia en lingua galega.

P14_ RS.- Aproximación da lingua e a cultura galegas ao alumnado de Erasmus.

P15_ RS.- Promoción do uso da lingua galega nas publicacións do profesorado e do alumnado.

P16_ RS.- Consolidación do servizo de publicacións cos recursos persoais necesarios para un servizo destas características.

P17_ RS.- Conversión dos campus en parques de especies de vexetación autóctona que preserven a biodiversidade e o uso público, potenciando o coñecemento botánico e amosando o compromiso da universidade coa biodiversidade e coa identidade.

P18_ RS.- Sinalización dos roteiros culturais dos nosos campus con explicacións necesarias para comprender a súa relevancia.

P19_ RS.- Potenciación da relación co Castro de Elviña como identificador cultural da UDC. Creación dun parque coa contorna do castro coa colaboración do Concello e impulsando a expropiación estancada en 2003 dos 600 000 m² que o rodean. Trataríase do parque do municipio identificado coa UDC.

P20_ RS.- Recuperación da toponimia orixinal dos espazos ocupados polo campus universitario.

P21_ RS.- Desenvolvemento de actividades relacionadas coas distintas vertentes da cultura tradicional galega.

P22_ RS.- Deseño e posta en marcha dun proxecto de voluntariado específico en colaboración con outros servizos.


P23_ RS.- Continuación do desenvolvemento dos proxectos neste ámbito pola OCV. Promoción tamén de convocatorias de axudas e programas de voluntariado enfocados a atender colectivos máis vulnerables. Colaboración e coordinación con ONGD e outros axentes da cooperación.

P24_ RS.- Proposta de convocatorias de proxectos de coñecemento da realidade para o alumnado e de proxectos de coñecemento da cooperación para PAS e PDI.

P25_ RS.- Apoio ás asociacións vinculadas, tales como Arquitectura sen Fronteiras, Enxeñaría sen Fronteiras...

RS_OP3

Promover proxectos de cooperación en voluntariado con comunidades máis desfavorecidas



RS_OE2: UNHA UNIVERSIDADE RESPONSABLE DO SEU IMPACTO AMBIENTAL

RS_OP4

Abordar medidas de mellora de eficiencia e aforro enerxético, e de promoción das enerxías renovables

P26_ RS.- Creación dunha comisión de sustentabilidade da UDC como mecanismo formal de participación da comunidade universitaria.

P27_ RS.- Consolidación e dinamización dos plans ambientais de centro, de acordo con modelos do programa Green Campus ou doutros sistemas de xestión ambiental (EMAS, ISO etc.) cando estes se avalíen como preferibles.

P28_ RS.- Actualización da Guía para a sustentabilidade na UDC como documento marco xeral de actuación no ámbito do OE1.

P29_ RS.- Consolidación da comisión técnica da UDC saudable, de xeito que permita mellorar e potenciar as accións neste tema.

P30_ RS.- Elaboración e implantación dos plans de prevención das diferentes tipoloxías de residuos, incluídos os residuos perigosos.

P31_ RS.- Avance na recollida separada de calidade de todas as fraccións de residuos asimilables a urbanos.

P32_ RS.- Consolidación do modelo de compostaxe e aproveitamento *in situ* dos biorresiduos da UDC.

P33_ RS.- Establecemento dun modelo de economía circular e residuo cero que teña en conta o ciclo de vida dos materiais e as actividades na UDC ampliado á cadea de provedores de produtos e servizos.

P34_ RS.- Desenvolvemento de campañas anuais dirixidas a aumentar a sensibilidade da comunidade universitaria en relación cos impactos ambientais dos usos da enerxía e á difusión do potencial de aforro de enerxía e auga nos edificios.

P35_ RS.- Adopción de medidas necesarias para o incremento da eficiencia enerxética e a eficiencia no uso da auga.

P36_ RS.- Potenciación do uso de sistemas e fontes de enerxía renovables.

P37_ RS.- Implementación de actuacións de drenaxe sustentable e solucións baseadas na natureza que melloren a calidade da auga e do aire, e que proporcionen lugares de lecer, encontro e contemplación.



RS_OE2: UNHA UNIVERSIDADE RESPONSABLE DO SEU IMPACTO AMBIENTAL

RS_OP5

Impulsar medios de mobilidade sustentable que faciliten a accesibilidade combinando se impacto ambiental

P38_ RS.- Impulso de medidas de sustentabilidade no deseño e o uso do espazo público e nos modos de mobilidade.

P39_ RS.- Promoción dos medios non motorizados e o transporte público colectivo.

P40_ RS.- Implementación de actuacións encamiñadas á sensibilización da comunidade universitaria.

P41_ RS.- Potenciación das actuacións de adecuación das infraestruturas propias a un modelo de mobilidade sustentable.

P42_ RS.- Desenvolvemento de actividades para a redución do espazo do campus e centros destinados ao vehículo motorizado particular.

P43_ RS.- Potenciación do establecemento de vías de colaboración coas institucións competentes na xestión da mobilidade urbana e metropolitana.

P44_ RS.- Avance na erradicación de especies exóticas invasoras (EEI).

P45_ RS.- Análise e mellora da biodiversidade no monte da Fraga.

P46_ RS.- Incremento das áreas do campus destinadas á horta e diversificación da súa tipoloxía.

P47_ RS.- Impulso da conversión gradual das prácticas de xardinería en favor dunha maior biodiversidade.

P48_ RS.- Dinamización dos procedementos e alcance da compra e contratación verde definidos na normativa europea.

P49_ RS.- Desenvolvemento de estratexias de economía circular que incorporen medidas e obxectivos neste eido.

P50_ RS.- Aplicación das propostas da CRUE-Sustentabilidade para avanzar na introdución de criterios de sustentabilidade en subministracións relativas á edificación, mobiliario, equipos informáticos, equipamento científico, enerxía, material de oficina e papel, máquinas expendedoras de comida e bebida, así como en servizos de cafetería e comedores, reprografía, limpeza, mantemento, xardinería, parque móbil e organización de eventos.

P51_ RS.- Elaboración dun procedemento de seguimento para a avaliación deste obxectivo.

P52_ RS.- Establecemento dun indicador sobre a sustentabilidade ambiental nas guías docentes.

RS_OP6

Potenciar a mellora da biodiversidade e a sustentabilidade medioambiental nas instalacións da UDC



RS_OE3: UNHA UNIVERSIDADE QUE PROMOVE HÁBITOS, RUTINAS E ESTILOS DE VIDA SAUDABLE, EN ESPECIAL A ATENCIÓN BIOPSIICOSOCIAL E A XESTIÓN PROACTIVA E PREVENTIVA DA VIXILANCIA DA SAÚDE CON ESTRATEXIAS DIRIXIDAS A TODA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA (ESTUDANTADO, PAS, PDI, PEC)

RS_OP7

Promover iniciativas que fagan contribuír a unha vida saudable da comunidade universitaria

P53_RS.- Continuidade e ampliación, a todos os edificios da UDC, do programa "Pausa en Movemento" dirixido a toda a comunidade universitaria co fin de evitar as problemáticas derivadas do sedentarismo.

P54_RS.- Consolidación da oficina UDC Saudable cos recursos persoales e económicos necesarios.

P55_RS.- Fortalecemento das estratexias de comunicación e concienciación en promoción de saúde, prevención de enfermidade e desenvolvemento sustentable.

P56_RS.- Promoción da adhesión da UDC á Declaración de Luxemburgo.

P57_RS.- Comezo, coas universidades galegas, da conformación da Rede Galega de Universidades Promotoras de Saúde (REGAUPS).

P58_RS.- Dotación dunha estrutura formal á rede de áreas de deportes das universidades galegas.

P59_RS.- Elaboración de convenios con entidades sociosanitarias, sociais e sanitarias das contornas.

P60_RS.- Impulso e potenciación do mes Outubro UDC Saudable.

P61_RS.- Desenvolvemento de formación para a promoción de saúde e prevención de enfermidades.

P62_RS.- Impulso á acción comunitaria interna coas oficinas, as unidades e os servizos ligados á responsabilidade social e á sustentabilidade.

P63_RS.- Impulso da colaboración cos programas Green Campus nun modelo de persoa-comunidade-contorno, na área de estilos de vida saudable, e potenciación, na medida da posibilidade, da sustentabilidade social nos mencionados programas.

P64_RS.- Desenvolvemento de memorias anuais de vida saudable na UDC.

P65_RS.- Desenvolvemento de contornos seguros, saudables e sustentables.

P66_RS.- Establecemento dun código de conducta ou de boas maneiras e declaracións medioambientais e de vida saudable.

P67_RS.- Impulso da realización de campañas comunitarias e en grupos pequenos de desintoxicación de tabaco, alcohol e outras adiccións.

P68_RS.- Estudo das formas de implementación na UDC da estratexia REUPS sobre o consumo de alcohol unha vez sexa aprobada pola CRUE.

P69_RS.- Establecemento de estratexias para abordar as adiccións comportamentais e as tecnoloxías, nas liñas establecidas pola REUPS, unha vez sexan aprobadas pola CRUE.

P70_RS.- Elaboración da normativa para as festas universitarias da UDC, tendo en conta as liñas establecidas pola REUPS, unha vez sexan aprobadas pola CRUE.

P71_RS.- Traballo na procura de recursos para a creación dun servizo de asesoramento e atención psicolóxica e psicopedagóxica dende unha perspectiva biopsicosocial.

RS_OE3: UNHA UNIVERSIDADE QUE PROMOVE HÁBITOS, RUTINAS E ESTILOS DE VIDA SAUDABLE, EN ESPECIAL A ATENCIÓN BIOPSIKOSOCIAL E A XESTIÓN PROACTIVA E PREVENTIVA DA VIXILANCIA DA SAÚDE CON ESTRATEXIAS DIRIXIDAS A TODA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA (ESTUDANTADO, PAS, PDI, PEC)

RS_OP7

Promover iniciativas que fagan contribuír a unha vida saudable da comunidade universitaria

P72_RS.- Mantemento da información, a comunicación e a concienciación con xornadas, congresos, obradoiros, exposicións, infografías, mensaxes de correo electrónico, intranet ou taboleiros, sobre benestar biopsicosocial e sobre hábitos nutricionais.

P73_RS.- Mantemento do programa de actividade física saudable da área de deportes.

P74_RS.- Organización de actividades físicas dentro e fóra do horario de traballo.

P75_RS.- Establecemento de microespazos deportivos por campus (facultades ou escolas), coa habilitación de espazos para vestiarios e duchas, na medida das posibilidades.

P76_RS.- Licitación dos pregos de máquinas de vending e, progresivamente, os pregos de cafeterías universitarias. Seguimento e auditorías destes. Menús saudables e sustentables, minimizando a oferta de produtos pouco saudables.

P77_RS.- Establecemento de espazos confortables, limpos e equipados, cando se requira, nas facultades ou escolas, para comer ou facer un descanso, na medida das posibilidades.

P78_RS.- Oferta de auga gratuíta mediante fontes nas facultades e escolas UDC e nos edificios administrativos.

P79_RS.- Fomento e establecemento de estratexias que permitan unha aproximación en grupos pequenos, en termos de actividade física e alimentación saudable e sustentable, dirixida á mellora do benestar e da calidade de vida dos membros da comunidade universitaria.

P80_RS.- Establecemento de estratexias para avaliar riscos psicosociais, o desgaste profesional e a conciliación da vida familiar e laboral.

P81_RS.- Impulso da acción comunitaria coas entidades sociosanitarias, sociais e sanitarias externas.

P82_RS.- Información, formación, comunicación e concienciación en asuntos biopsicosociais, técnicas de relaxación e sobre sono e descanso.

P83_RS.- Desenvolvemento de propostas de actividade física inclusivas innovadoras.

P84_RS.- Desenvolvemento de microespazos deportivos nos campus, segundo as posibilidades.

P85_RS.- Establecemento de recomendacións de xestión do tempo e das rutinas como determinantes de saúde.

P86_RS.- Desenvolvemento de actividades e espazos de ocio saudable e incluso en cada facultade e escola da UDC, ou por campus, en virtude das súas posibilidades (club de lectura, xogos de man, espazo de relax ou meditación ou impregnación sensorial, entre outros).

P87_RS.- Fomento das habilidades para a vida (OMS) e para estilos de vida sustentables en vivenda, consumo, mobilidade e nutrición para a comunidade universitaria e a mellora, a través de mobiliario e intervencións directas de espazos verdes de restauración psicolóxica e convivencia nos campus.

RS_OP8

Potenciar as colaboracións, os programas e os servizos á comunidade universitaria que permitan mellorar a súa calidade de vida



UDC Saudable
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

RS_OE4: UNHA UNIVERSIDADE FEMINISTA LIBRE DE VIOLENCIAS DE XÉNERO

RS_OP9

Reforzar, promover, difundir e concienciar nunha cultura de igualdade entre homes e mulleres

P88_RS.- Potenciación do liderado feminino en todos os ámbitos universitarios: proxectos de investigación, dirección de grupos de investigación, departamentos, decanatos etc.

P89_RS.- Visibilidade ás achegas das mulleres, con especial interese nos ámbitos de coñecemento nos que están infrarrepresentadas.

P90_RS.- Deseño de estratexias, por centros, que aseguren a paridade en tribunais de TFG, TFM ou calquera comisión dos centros e dos departamentos.

P91_RS.- Introducción da perspectiva de xénero en todos os programas desenvolto por calquera das áreas da UDC.

P92_RS.- Incorporación da variable sexo nos documentos de resolución de todas as convocatorias publicitadas na UDC (acreditacións, convocatorias docentes, oposicións, promoción interna, concursos de acceso, proxectos de investigación etc.).

P93_RS.- Incorporación da variable de sexo en calquera análise que se faga na UDC, incluíndo a distribución de recursos económicos, para poder coñecer como se distribúen estes desde a perspectiva de xénero.

P94_RS.- Fomento do emprego dunha linguaxe non sexista en todos os documentos da UDC, así como en todas as comunicacións ou medios propios, como web e redes sociais.

P95_RS.- Adopción dunha linguaxe non sexista na sinalización correspondente á nomenclatura de centros, servizos, unidades e estruturas da UDC.

P96_RS.- Fomento na FUAC, así como no Consello Social e no Consello de Goberno, da presenza paritaria de mulleres no seu padroado e representantes do seu Consello Asesor, tal como se establece na Lei de igualdade.

P97_RS.- Promoción da paridade entre mulleres e homes nas propostas de nomeamentos honoris causa, nos premios de deportes, entre o profesorado que imparte leccións inaugurais e, en xeral, entre as persoas sobre as que recaen distincións e honras.

P98_RS.- Fortalecemento do Plan de formación en igualdade da UDC dirixido a PDI e alumnado.

P99_RS.- Deseño dun plan específico de formación en igualdade para PAS.

P100_RS.- Impulso dunha formación específica en igualdade e xénero dirixida ao persoal do Servizo de Prevención de Riscos Laborais para integrar a perspectiva de xénero no seu labor.

P101_RS.- Impulso de cursos de formación en igualdade para cargos institucionais (decanatos, xefes/xefas de servizo etc.).

P102_RS.- Introducción de contidos obrigatorios, con perspectiva de xénero, en todas as titulacións impartidas na UDC, en especial nas titulacións de formación de profesorado. Modificación da normativa de graos e mestrados, de forma que calquera titulación da UDC recolla a perspectiva de xénero dentro dos seus contidos.

RS_OE4: UNHA UNIVERSIDADE FEMINISTA LIBRE DE VIOLENCIAS DE XÉNERO

RS_OP10

Reforzar, promover, difundir e concienciar nunha cultura de igualdade entre homes e mulleres

P103_RS.- Fomento da incorporación da perspectiva de xénero nas distintas materias, mediante cursos de formación para o PDI e o posterior recoñecemento ao profesorado (docencia, acreditacións, méritos na promoción etc.). Farase especial fincapé nas titulacións impartidas en Ciencias da Educación, Ciencias Xurídicas e de Ciencias da Comunicación.

P104_RS.- Deseño e implementación dun curso sobre prevención de violencia de xénero dirixido a alumnado e outro a persoal traballador da UDC.

P105_RS.- Promoción da introdución dun módulo específico de prevención da violencia de xénero no ámbito escolar no Mestrado de Profesorado da ESO, Bacharelato, Formación Profesional e ensino de idiomas.

P106_RS.- Contribución á difusión das investigacións e as propostas realizadas desde a perspectiva de xénero que teñan un impacto directo na sociedade.

P107_RS.- Oferta de distintas actividades de carácter transversal nos estudos de doutoramento, co fin de incorporar a perspectiva de xénero na investigación en todos os eidos de coñecemento.

P108_RS.- Continuación da promoción da linguaxe e imaxes inclusivas e non sexistas en todas as publicacións e materiais universitarios, prestando especial atención ás guías docentes.

P109_RS.- Favorecemento, sempre que sexa posible, da habilitación de espazos e actividades de coidado e atención a menores durante as formacións e outras actividades que se desenvolvan na UDC.

P110_RS.- Promoción dun período libre de docencia posterior á incorporación tras o permiso de maternidade, co obxectivo de que ese tempo poida ser dedicado a labores de investigación, publicacións e outras actividades imprescindibles para a promoción profesional.

P111_RS.- Mellora dunha racionalización nos horarios de traballo que permita unha conciliación efectiva.

P112_RS.- Oferta de bolsa de horas (con carácter recuperable) para coidado de menores de idade e para a atención de persoas dependentes.

P113_RS.- Mellora do protocolo actual contra o acoso da UDC e adaptación deste á nova lei de convivencia.

P114_RS.- Avaliación periódica da prevalencia das distintas violencias de xénero e acoso na comunidade universitaria.

P115_RS.- Fomento nos pregos de prescricións técnicas dos contratos que a UDC teña asinados con empresas externas da inclusión de criterios en materia de igualdade dentro das súas cláusulas sociais, como poden ser a disposición de plan de igualdade na empresa, plans de conciliación, protocolos de acoso etc.

P116_RS.- Promoción de iniciativas para facilitar o traslado a outros centros ou universidades de vítimas de violencia de xénero.

P117_RS.- Deseño e implementación dun sistema efectivo de acompañamento e asesoramento a vítimas de violencia e acoso por razón de sexo.

P118_RS.- Formación de todo o PAS e o PDI sobre a mellor forma de recibir e derivar persoas vítimas de violencia de xénero.

P119_RS.- Comparecencia da Universidade da Coruña como acusación particular cando se xudicialice un caso de acoso sexual ou agresión ou abuso sexual que sucedera no seu ámbito, laboral e/ou académico, ou como resultas deste.

RS_OP11

Impulsar mecanismos de acción e control de violencia de xénero e acoso

RS_OE5: INCENTIVAR E FOMENTAR UNHA CULTURA DE NON DISCRIMINACIÓN

RS_OP12

Desenvolver programas que conciencien e faciliten a inclusión social dentro da diversidade como signo característico da UDC

P120_RS.- Convocatorias de bolsas e axudas propias polo Servizo de Estudiantes para paliar as dificultades económicas do estudiantado (comedor, transporte etc.) co obxectivo de tratar de evitar que se abandonen os estudos por necesidades económicas.

P121_RS.- Impulso á convocatoria UDC Abriga de axuda a estudantes refuxiados ou en situación de protección internacional.

P122_RS.- Consolidación e reforzo das axudas ao estudiantado con necesidades económicas.

P123_RS.- Consolidación da Unidade de Atención á Diversidade da UDC.

P124_RS.- Promoción do Campus Diverso UDC.

P125_RS.- Mellora e ampliación do programa formativo que se desenvolve dentro da Aula de Formación en Diversidade da UDC.

P126_RS.- Xeración de contidos multimedia que sensibilicen a comunidade universitaria a través de campañas sobre a diversidade da sociedade.

P127_RS.- Fomento da incorporación da perspectiva de xénero nas distintas materias, mediante cursos de formación para o PDI e o posterior recoñecemento ao profesorado (docencia, acreditacións, méritos na promoción etc.). Farase especial fincapé nas titulacións impartidas en Ciencias da Educación, Ciencias Xurídicas e de Ciencias da Comunicación.

P128_RS.- Consolidación do título propio Espazo Compartido.

P129_RS.- Impulso ao desenvolvemento e ao traballo en rede coa rede SAPDU (Servizo de Atención a Persoas con Discapacidade nas Universidades).

P130_RS.- Desenvolvemento de accións para xerar unha cultura de respecto ante as diferentes diversidades sociais.

P131_RS.- Apostar pola continuación dos programas de voluntariado da OCV (EpD - Educación para o Desenvolvemento - e sensibilización, aulas interculturais...), así como xornadas de sensibilización e talleres específicos.

P132_RS.- Inclusión de accións de formación e sensibilización sobre o respecto á diversidade e aos dereitos das persoas.

P133_RS.- Oferta de contidos formativos sobre accesibilidade e DUA-A (Deseño Universal e Aprendizaxe Accesible) para toda a comunidade universitaria.

P134_RS.- Comezo dun proxecto piloto de innovación baseado no deseño universal de aprendizaxe.

P135_RS.- Fomento da desaparición das barreiras arquitectónicas.



RS_OP13

Avanzar en medidas que impulsen a cultura do respecto e de compromiso compartido

RS_OP14

Facilitar a accesibilidade ás instalacións que fagan desaparecer as posibles barreiras arquitectónicas

Rendición de cuentas



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



O presente plan estratéxico establece a visión da universidade nos próximos cinco anos, así como os obxectivos e as liñas de actuación da UDC. Para que o plan estratéxico cumpra coa súa función, é necesario dispor dun sistema de seguimento e avaliación transparente que permita obter información fiable do avance e que facilite a supervisión por parte de todos os centros docentes ou de investigación, así como a actualización do plan se fose necesario, ante novos escenarios que poidan acontecer.

Neste sentido, para levar a cabo unha correcta rendición de contas, faise necesario establecer un conxunto de indicadores de resultado que servirá de cadro de mando na revisión da planificación estratéxica e que supón un instrumento de transparencia e control do grao de cumprimento dos obxectivos marcados. Así, servirá de eixe para a elaboración de cada un dos plans operativos do resto de centros que integran a UDC (docentes, de investigación ou transferencia) e que, polo tanto, deberán establecer os seus obxectivos estratéxicos tendo en conta as áreas estratéxicas deste plan: docencia e aprendizaxe; investigación e transferencia; financiamento e uso eficiente dos recursos; internacionalización; responsabilidade social e sustentabilidade.

A continuación, preséntanse o conxunto dos indicadores de resultados definidos para cada obxectivo estratéxico.

Área estratéxica 01

Docencia e aprendizaxe

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	UNIDADE/S DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN	INDICADORES DE XESTIÓN	EVOLUCIÓN PREVISTA DO INDICADOR E AVALIACIÓN
DOC_OE1: Impulsar a captación e a retención de talento	Vicerreitoría de Planificación e Innovación Docente e Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade · Servizo de Estudantes	Taxa de idoneidade	Manter a porcentaxe de estudantado de grao que finaliza a titulación no tempo teórico previsto no plano de estudos ou antes do tempo previsto. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26; referencia: curso académico 2021/22).
		Transición do estudantado de grao a mestrado	Acadar alomenos un 26% do estudantado que finaliza un grao empece un mestrado no curso inmediatamente posterior. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26; referencia: curso académico 2021/22).
		Evolución do número de novo estudantado de grao e mestrado	Evolución do número de novos estudantes de grao e mestrado". Manter o número de alumnos de grao e incrementar o número de estudantes de mestrado nun 5 %. Avaliación ao final do curso académico 2025/26.
	Vicerreitoría de Planificación e Innovación Docente	Graos interuniversitarios	Conseguir dous graos interuniversitarios no período 2022/2026. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26; referencia: curso académico 2021/22).
DOC_OE2: Impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensino e aprendizaxe	Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación docente · UTC e CUFIE	Taxa de idoneidade	Manter a porcentaxe de estudantado de grao que finaliza a titulación no tempo teórico previsto no plano de estudos ou antes do tempo previsto. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26).
		Taxa de graduación	Conseguir que o 40 % do estudantado de grao finalice no tempo teórico previsto no plan de estudos ou nun curso máis e conseguir superar o mínimo sinalado en cada unha das memorias de verificación de títulos. Avaliación ao final do curso académico 2025/26. Conseguir que o 75% do estudantado de mestrado finalice a ensinanza no tempo teórico previsto no plano de estudos. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26; referencia: curso académico 2021/22).
		Taxa de cambio	Reducir a taxa de cambio a algún outro título universitario progresivamente dende a porcentaxe actual a un 15 % tras o 1º curso, 10 % tras o 2º curso e 5% tras o 3º curso. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26; referencia: curso académico 2021/22).
		Competencias dixitais docentes do profesorado	Aumentar nun 5% a porcentaxe do profesorado formado en competencias dixitais relacionadas coa docencia. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26; referencia: curso académico 2021/22).

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	UNIDADE/S DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN	INDICADORES DE XESTIÓN	EVOLUCIÓN PREVISTA DO INDICADOR E AVALIACIÓN
		Proxectos de innovación docente	Conseguir 10 proxectos de innovación docente levados a cabo na UDC. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26).
		Taxa de abandono	Reducir a taxa de abandono de cada un dos títulos da UDC un 25% tras o 1o curso, 12% tras o 2o curso e 5 % tras o 3o curso e unha redución do máximo sinalado en cada unha das memorias de verificación de títulos. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26).
		Mestrado de excelencia	Conseguir seis mestrados de excelencia dentro do período de 2022-26. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26)
DOC_OE3: Construír unha oferta formativa innovadora que responda ás demandas e aos retos sociais da nosa contorna	Vicerreitoría de Planificación e Innovación Docente	Graos duais	Conseguir unha oferta de dous graos duais no período 2022-26. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26; a referencia para este indicador e os tres anteriores: curso académico 2021/22).
DOC_OE4: Potenciar unha formación orientada á inserción laboral e promover o emprendemento para os egresados/as	Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia	Spin-offs	Crear unha <i>spin-off</i> no período 2022-2024 e catro no período 2022-2026. (Avaliación ao final do curso 2023-24 e do curso académico 2025/26, respectivamente).
	Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade e Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente	Creación de start-up	Crear unha start-up no período 2022-24 e catro no período 2022-26. (Avaliación ao final dos cursos académicos 2023-24 e 2025/26, respectivamente).
		Taxas de inserción laboral	Conseguir un crecemento do 3 % no período 2022-2026 do grao de empregabilidade das nosas titulacións. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26).
		Clima favorable ao emprendemento na UDC ou universidade emprendedora	Acadar un 5 sobre 7 no período 22-26 nas puntuacións do estudiantado sobre o clima emprendedor e a orientación ao emprendemento da formación ofrecida na UDC. (Avaliación ao final do curso académico 2025/26; a referencia para este indicador e os tres anteriores é o curso 2021/22).

Área estratéxica 02

Investigación e transferencia

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	UNIDADE/S DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN	INDICADORES DE XESTIÓN	EVOLUCIÓN PREVISTA DO INDICADOR E AVALIACIÓN
INV_OE1: Mellorar a xestión técnica e económico-administrativa da investigación e reforzar as estruturas de centros de investigación da UDC	Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e Vicerreitoría de Investigación, Política Científica e Transferencia, Vicexerencia de Investigación e Vicexerencia de Coordinación, Servizo de Contratación, SERIN, OTRI, Xestión Financeira e Control Interno	Ingresos xerados I+D	Incrementar nun 3% o volume de ingresos públicos ou privados no período 2022-24 e nun 5% derivados dos dereitos recoñecidos nos orzamentos por axudas, proxectos e contratos de investigación e por servizos de consultoría científica. (Avaliación ao final de 2024 e ao final de 2026, respectivamente; referencia: n=2021).
INV_OE2: Impulsar unha investigación de calidade que potencie a internacionalización, a multidisciplinaria e o liderado das unidades, agrupacións, institutos e centros	Vicerreitoría de Investigación, Política Científica e Transferencia, Vicerreitoría de Internacional e direccións de centros de investigación, Vicexerencia de investigación, SERIN e OTRI	Número de grupos de investigación con axudas viventes	Manter o número de grupos e estruturas grupais de investigación activos que forman parte da universidade (Avaliación ao final de 2026, referencia: n=2021)
		Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais	Mellorar nun 1 % en 2024 e nun 3 % en 2026. (Avaliación ao final de 2024 e 2026, respectivamente; referencia: n=2021).
		Teses defendidas	Mellorar o número de teses defendidas nun 1 % en 2026. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Publicacións científicas no primeiro cuartil	Mellorar nun 2 % en 2026 a porcentaxe de documentos publicados nas revistas do primeiro cuartil da categoría temática do JCR. (Avaliación ao final de 2026, referencia: n=2021).
		Profesorado que leu a tese no SUG	Manter a porcentaxe acadada no ano 2021. (Avaliación ao final de 2026, referencia: n=2021).
		Produción científica	Mellorar nun 1,5 % en 2023 e nun 2,5 % no ano 2026 o número de documentos publicados nas bases de datos multidisciplinares de WoS. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Prestación de servizos	Incrementar nun 1,5 % no período 2022-24 e nun 3 % no período 2022-26 o volume de servizos prestados.
		Patentes nacionais e rexistros software	Acadar no período 2022-2026 un total de 25 rexistros patentes concedidas pola Oficina de Patentes e Marcas. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Extensións PCT	Manter a porcentaxe acadada no ano 2021 en 2026 na presentación de solicitude internacional de patentes e proteccións de invencións (Avaliación ao final de 2026, referencia: n=2021).

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	UNIDADE/S DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN	INDICADORES DE XESTIÓN	EVOLUCIÓN PREVISTA DO INDICADOR E AVALIACIÓN
INV_OE3: Captar recursos económicos procedentes de fondos Next Generation e apoiar a xestión económica e a xustificación dos Next Generation EU	Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratégica e Vicerreitoría de Investigación, Política Científica e Transferencia, Vicexerencia de Investigación e Vicexerencia de Coordinación, Servizo de Contratación, SERIN, OTRI, Xestión Financeira e Control Interno	Ingresos xerados I+D	Incrementar nun 3 % no período 2022-2024 e nun 5 % o volume de ingresos públicos ou privados derivados dos dereitos recoñecidos nos orzamentos por axudas, proxectos e contratos de investigación e por servizos de consultoría científica. (Avaliación ao final de 2024 e 2026, respectivamente; referencia: n=2021).
INV_OE4: Definir e implantar un ecosistema dinamizador da actividade investigadora e de transferencia e incrementar a colaboración coas empresas do contorno	Vicerreitoría de Investigación, Política Científica e Transferencia e Vicexerencia de Investigación Direccións de centro de investigación, OTRI e FUAC	Contratos I+D e consultorías	Incrementar o volume de contratos por actividades de investigación e consultoría nun 2 % no período 2022-2024 e nun 5 % no período 2022-2026. (Avaliación ao final de 2024 e 2026, respectivamente; referencia: n=2021).
		Copublicacións con empresas	Incrementar o número de publicacións conxuntas entre a UDC e empresas nun 5 % no período 2022-2024 e nun 8 % no período 2022-2026.
		Spin-offs	Crear unha <i>spin-off</i> no período 2022-2024 e catro no período 2022-2026.
		Creación de start-up	Crear unha start-up no período 2022-2024 e catro no período 2022-2026. (Avaliación para os tres indicadores ao final de 2024 e 2026, respectivamente; referencia: n=2021). período 2022-2026.
INV_OE5: Mellorar os procesos de selección, promoción e consolidación do persoal docente e investigador na institución, favorecendo o desenvolvemento da súa carreira investigadora	Vicerreitorías con competencias en materia de investigación e profesorado e OTRI	Captación de talento (ERC e Ramón y Cajal)	Mellorar a captación de persoal investigador ERC e Ramón y Cajal en dous ERC e oito Ramón y Cajal en 2026 (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021)

Área estratéxica 03

Financiamento e uso eficiente dos recursos

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	UNIDADE/S DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN	INDICADORES DE XESTIÓN	EVOLUCIÓN PREVISTA DO INDICADOR E AVALIACIÓN
ECO_OE1: Mellorar o rendemento económico-financeiro e o control do gasto	VEPES e Vicexerencia de Economía e Finanzas, Xestión Financeira, Control interno, Vicexerencia de Investigación e Vicexerencia de Ferrol	Ingresos propios Universidades	Manter o nivel de ingresos propios do ano 2022*. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021)
		Nivel ou grao de execución orzamentaria do gasto	Superar cada ano o nivel mínimo de execución no orzamento do gasto do 80 %.
ECO_OE2: Captar recursos de forma proactiva e explorar novas fontes de financiamento públicas e/ou privadas	VEPES, VPCIT, Vicexerencia de Coordinación, Vicexerencia de Economía e Finanzas e Vicexerencia do Campus de Ferrol	Recursos privados captados	Período 2022-24: incremento dun 2 %; período 2022-26: incremento dun 3 %. (Avaliación ao final de 2024 e 2026, respectivamente; referencia: n=2021).
ECO_OE3: Mellorar no aforro económico ou enerxético, avanzar en programas de eficiencia enerxética e renovar as instalacións de climatización, mobiliario e equipamento de acordo con criterios de vida útil, mantendo a amortización ou obsolescencia	VEPES, VIS, Vicexerencia do Campus de Ferrol e Control Interno	Clasificación UI GreenMetric	Acadar unha posición entre os dez mellores do SUE no ano 2026 dentro das categorías que ponderan contorno e infraestrutura; enerxía e cambio climático; residuos; auga; transporte; e educación e investigación. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021)
ECO_OE4: Captar recursos económicos de Next Generation e proxectos PERTE e apoiar a xestión económica e a xustificación dos Next Generation EU	VEPES, VPCIT	Recursos públicos captados	Incrementar no período 2022-2024 un 5 % e no período 2022-2026 un 8 % a captación de recursos mediante convenios, contratos, convocatorias de administracións públicas e as súas entidades instrumentais a nivel internacional, estatal, autonómico ou local. (Avaliación ao final de 2024 e 2026, respectivamente; referencia: n=2021).
	Vicexerencia de Investigación, Vicexerencia de Coordinación, Vicexerencia de Economía e Finanzas e Vicexerencia de Ferrol		
	Servizo de Contratación, SERIN, OTRI, Xestión Financeira e Control Interno		
ECO_OE5: Avanzar nunha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos	VEPES, Vicexerencia de Economía e Finanzas e Vicexerencia de Ferrol	Independencia financeira e endebedamento	Incrementar un 1,5 % no período 2022-2024 e un 3 % no período 2022-2026 a independencia financeira da universidade e reducir o nivel de endebedamento da UDC nun 1,5 % no período 2022-2024 nun 3 % no período 2022-2026. (Avaliación ao final de 2024 e 2026, respectivamente; referencia: n=2021).
	Servizo de Contratación, Xestión Financeira e Control Interno		

Área estratéxica 04

Internacionalización

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	UNIDADE/S DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN	INDICADORES DE XESTIÓN	EVOLUCIÓN PREVISTA DO INDICADOR E AVALIACION
INT_OE1: Potenciar un ambiente universitario internacional	Vicerreitoría de Internacionalización e Oficina de Relacións Internacionais	Estudantado estranxeiro egresado (grao)	Incrementar nun 2 % o estudantado estranxeiro egresado no período 2022-2026 (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Estudantado estranxeiro total matriculado en grao e mestrado	Incrementar nun 2 % o estudantado estranxeiro matriculado no período 2022- 2026. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Estudantado estranxeiro total matriculado en doutoramento	Manter por riba do 20 % o estudantado con nacionalidade estranxeira matriculado en estudos de doutoramento no período 2022-2026. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Número de teses defendidas dentro da Escola Internacional de Doutoramento da UDC por alumnado estranxeiro e con cotutelas internacionais	Incrementar nun 2 % o número de teses defendidas dentro da Escola Internacional de Doutoramento da UDC por alumnado estranxeiro e con cotutelas internacionais, no período 2022-2026. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Titulacións en inglés	Incrementar dous títulos de estudos nos que polo menos o 50 % dos seus créditos se poidan cursar en inglés ao final de 2026. (Avaliación ao final de 2026; referencia: 2021).
		Titulacións conxuntas con universidades estranxeiras	Incrementar en tres titulacións universitarias conxuntas con universidades estranxeiras ou duplas no período 2022-2026. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Integración ás asociacións estratéxicas de Universidades europeas e hispanoamericanas.	Iniciativas emprendidas e grao de éxito (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	UNIDADE/S DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN	INDICADORES DE XESTIÓN	EVOLUCIÓN PREVISTA DO INDICADOR E AVALIACION
INT_OE2: Conseguir unha mobilidade internacional crecente de toda a comunidade universitaria	Vicerreitoría de Internacionalización e Oficina de Relacións Internacionais	Profesorado estranxeiro	Mellorar nun 5 % o número de docentes e persoal investigador con actividade docente e investigadora con nacionalidade estranxeira ao final de 2026 (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Incorporación a redes de cooperación coas Universidades	Número de iniciativas emprendidas e grao de éxito destas iniciativas. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021)
INT_OE3: Aumentar as competencias lingüísticas da comunidade universitaria	Vicerreitoría de Internacionalización e Oficina de Relacións Internacionais	Iniciativas de apoio educativo e á formación lingüística (programas PALDI)	Incremento en 2% das iniciativas (programas PALDI (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021)
INT_OE4: Potenciar a proxección e a presenza internacional da UDC	Vicerreitoría de Internacionalización e Oficina de Relacións Internacionais e Oficina de Cooperación e Voluntariado	Publicacións en colaboración internacional	Mellorar nun 3 % o número de publicacións ao final de 2026 asinadas con, polo menos, unha institución estranxeira e manter en 2023. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
INT_OE5: Optimizar a xestión académica e administrativa para desenvolver os programas de internacionalización	Vicerreitoría de Internacionalización e Oficina de Relacións Internacionais	Simplificación dos trámites na web	Melloras implementadas na xestión administrativa. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021)

Área estratéxica 05

Responsabilidade social e sustentabilidade

OBJECTIVO ESTRATÉGICO	UNIDADE/S DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN	INDICADORES DE XESTIÓN	EVOLUCIÓN PREVISTA DO INDICADOR E AVALIACION
RS_OE1: Unha universidade con identidade propia que impulsa o cambio social, a cultura e a lingua galegas, así como a contribución á paz e á solidariedade entre os pobos para unha cidadanía global	Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, Secretaría Xeral e Vicerreitoría competente en materia de responsabilidade social	Transparencia universitaria	Mellorar cinco posicións, dentro do período 2022-2026, a transparencia da información da UDC mediante a publicación de información relevante da institución cunha maior integralidade da información exposta. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Normalización da lingua galega	Acadar o 40 % da docencia en galego no ano 2026. Lograr que o Programa piloto de docencia en galego incorpore entre 3 e 5 graos en galego no ano 2006. Diseñar indicadores específicos para cuantificar o uso real do galego da docencia.
		Clasificación web de universidades	Entrar nas primeiras 800 universidades a nivel mundial ao final de 2026, tendo en conta a visibilidade e a presenza en liña, o número de documentos e as publicacións e citacións tamén en liña.
		Posicionamento da Sala de Exposicións e Artes Visuais	Continuar a albergar exposicións escollidas pola súa calidade que permitan que a sala continúe no circuíto artístico no ámbito galego e se erixa como unha sala de exposicións universitaria de referencia no ámbito estatal.
RS_OE2: Unha universidade responsable do seu impacto ambiental	Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade Oficina de Medio Ambiente	Alumnado participante no CV Social	Desenvolver o Currículo Vitae Social. Establecer o número de alumnos e alumnas participantes por curso.
		Clasificación UI GreenMetric	Acadar unha posición entre os cinco mellores do SUE no ano 2026 dentro das categorías que ponderan: contorno e infraestrutura; enerxía e cambio climático; residuos; auga; transporte; e educación e investigación. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
RS_OE3: Unha universidade que promove hábitos, rutinas e estilos de vida saudable, en especial a atención biopsicosocial e a xestión proactiva e preventiva da vixilancia da saúde con estratexias dirixidas a toda a comunidade universitaria (estudantado, PAS, PDI, PEC)	Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social UDC Saudable	Número de centros con certificación GREENCAMPUS	Acadar un 50 % dos centros con certificación GreenCampus vixente no período 2022-2026. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Prácticas de actividade física dos diferentes colectivos da UDC	Aumentar nun 5% o número de persoas do sexo menos representado por tipoloxía de actividade. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).
		Alimentación xusta, saudable, sustentable e económica	Licitacións de cafeterías e máquinas expendedoras cos criterios de alimentación xusta, saudable, sustentable e económica.
		Recoñecementos de saúde ordinarios	Incrementar nun 5 % o número de recoñecementos de saúde ordinarios no período 2022-2026 mediante as campañas anuais ordinarias da vixilancia de saúde ao PDI, PAS e PPC da Universidade da Coruña. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	UNIDADE/S DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN	INDICADORES DE XESTIÓN	EVOLUCIÓN PREVISTA DO INDICADOR E AVALIACION
RS_OE4: Unha universidade feminista libre de violencias de xénero	Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes OIX	Mulleres no PDI	Incrementar un 2 % da porcentaxe de mulleres no PDI en 2023 e un 5 % da porcentaxe de mulleres no PDI en 2026. (Avaliación ao final de 2023 e 2026, respectivamente; referencia: n=2021).
		Mulleres que son IP en proxectos -contratos	Conseguir un 30 % de mulleres IP en 2023 e acadar un 33 % de mulleres IP en 2026. (Avaliación ao final de 2023 e 2026; referencia: n=2021).
		Estudiantado egresado (graos)	Acadar os 2300 egresados/as no ano 2026.
		Transición do estudiantado de grao a mestrado	Acadar o 26 % no ano 2026 de estudiantado que ao finalizar un grao comeza un mestrado no curso inmediatamente posterior ao de finalización do grao.
		Participación igualitaria de mulleres e homes en postos de responsabilidade	Acadar a porcentaxe mínima do 40 % de mulleres en cargos de responsabilidade na UDC (direccións de centro, direccións de departamento, vicerreitorías, reitoría, xefaturas e negociados das áreas e servizos da UDC).
		Representación igualitaria de mulleres no PDI e alumnado de titulacións masculinizadas	Acadar a porcentaxe mínima do 40 % de mulleres entre o PDI e o alumnado nas titulacións e áreas ou departamentos altamente masculinizados. (Avaliación deste indicador e dos tres anteriores ao final de 2026; referencia: n=2021).
RS_OE5: Unha universidade que fomenta unha cultura de non discriminación	Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes e Vicerreitoría con competencias en responsabilidade social, Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Empregabilidade OIX	Informes de adaptación e adaptación de materiais	Aumentar nun 10 % (sobre o dato de referencia de 2022) o número de informes de adaptación emitidos pola unidade e nun 10 % tamén (sobre o dato de referencia de 2022) o número de materias adaptadas para alumnado con diversidade. (Avaliación ao final de 2026).
	Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Empregabilidade	Axudas económicas para o estudiantado	Incrementar nun 5 % as axudas económicas para estudantes e para estudantes refuxiados. (Avaliación ao final de 2026; referencia: n=2021).



0 marketing e a comunicación

**no plan estratéxico
2022-2026**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A comunicación supón un factor de vital importancia no funcionamento das institucións. Demanda novos retos, como o deseño integral da imaxe corporativa, o desenvolvemento da súa identidade de marca, a integración da tecnoloxía e a creación de contidos audiovisuais orixinais e adaptados aos diferentes públicos a que se dirixan.

A proxección social da UDC supón un factor clave de éxito en todas e cada unha das iniciativas que se desenvolvan

dentro da institución. Unha xestión que permita unificar a imaxe de marca, coidar a súa identidade, definir a coherencia das mensaxes e mellorar a produción e a difusión dos contidos audiovisuais suporá o fortalecemento da cultura organizativa desta institución e o recoñecemento da universidade tanto interna como externamente.

Propóñense cinco grandes obxectivos estratéxicos:

COM_OE1: Impulsar e desenvolver unha organización e un funcionamento eficiente e integral da comunicación da UDC

O obxectivo establecido busca a unificación de criterios para xerar unha imaxe coherente e recoñecible que redunde nunha maior presenza da UDC, o que favorecerá a universidade en todas as súas dimensións e xerará unha mellora da súa reputación institucional.

COM_OE2: Potenciar a marca corporativa da UDC a través das diferentes canles para os diferentes axentes ou públicos a que se dirixa

O obxectivo persegue a posta en valor das accións de comunicación a través de diferentes canles, con mensaxes e accións adaptadas aos distintos grupos de interese, de tal xeito que permitan cumprir coas expectativas e, en consecuencia, faciliten a captación de recursos persoais, económicos e sociais.

COM_OE3: Promover o sentimento de comunidade e o orgullo de pertenza á UDC

O modelo de pertenza que queremos conseguir na UDC implica a identificación do persoal da comunidade universitaria coa institución. Este sentimento de pertenza contribuirá a crear un maior compromiso institucional.

COM_OE4: Mellorar a visibilidade da UDC e o seu posicionamento no exterior

Os beneficios de avanzar na identificación da nosa universidade na mente dos diferentes públicos traducirase a medio e longo prazo nunha institución con máis proxección no exterior.

COM_OE5: Actualizar e potenciar a estratexia dixital e o uso das TIC

Trátase de definir unha estratexia de transformación dixital e do uso das TIC que sexa eficiente e que, simultaneamente, garanta a privacidade e a protección dos datos e permita a conciliación laboral e persoal.

Para cada un dos obxectivos estratéxicos desenvólvense uns programas ou proxectos.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	PROGRAMAS
COM_OE1: Impulsar e desenvolver unha organización e un funcionamento eficiente e integral da comunicación da UDC	P1_Com Ampliación do manual de identidade corporativa, actualizado, máis operativo e concreto
	P2_Com Desenvolvemento dunha guía de identidade visual e sonora da UDC
	P3_Com Actualización do Manual de uso das redes sociais existente
	P4_Com Deseño de contidos e de material de comunicación e audiovisual para eventos
	P5_Com Establecemento do protocolo de coordinación
	P6_Com Realización de reunións de coordinación, formación en comunicación en redes sociais
	P7_Com Revisión da tipografía para facilitar a visualización en web
	P8_Com Potenciación do dominio .gal.
COM_OE2: Potenciar a imaxe de marca da UDC para que sexa atractiva aos diferentes públicos a que se dirixe	P9_Com Fomento de xornadas de portas abertas
	P10_Com Creación dun directorio compartido de entidades relacionadas cos diferentes ámbitos ou áreas de traballo (docencia e formación, investigación, actividades culturais, divulgación científica, actividades deportivas, transferencia de I+D+i ao sector empresarial, actividades medioambientais, actividades de cooperación e desenvolvemento etc.)
	P11_Com Asistencia a foros dirixidos a orientadores/as, profesorado e estudiantado do ensino medio
	P12_Com Promoción do programa de Estudiantes-Correspondentes Universitarios da Xunta de Galicia, como axentes difusores/as de información para o alumnado.
	P13_Com Creación dun programa específico de comunicación (en coordinación transversal con outras áreas de traballo) enfocado a potenciar a captación de futuros/as alumnos/as no estranxeiro, especialmente en Iberoamérica e noutros países de lingua española ou portuguesa
COM_OE3: Promover o sentimento de comunidade e o orgullo de pertenza á UDC	P14_Com Creación dunha canle de comunicación a través da asociación de antigos/as estudantes Alumni, que tamén axudaría a reforzar o sentimento de pertenza á UDC
	P15_Com Impulso da app da UDC
	P16_Com Impulso do LinkedIn da UDC
	P17_Com Elaboración dun agasallo de benvida
	P18_Com Boletín de comunicación e información para Alumni
	P19_Com Desenvolvemento dunha canle Teams para conectar persoas/servizos da UDC con tarefas comunicativas
	P20_Com Creación dun boletín e/ou ligazón a un repositorio máis visual que concentre a información (para PDI, estudantes e PAS)
	P21_Com Xornadas de formación interna para as persoas/servizos que fagan accións comunicativas
	P22_Com Definición e desenvolvemento dun arquivo de contidos audiovisuais
	P23_Com Creación dun único espazo ben deseñado e organizado que inclúa información de utilidade e eventos múltiples da UDC (incluídos nunha axenda). Pode conter ligazóns a páxinas cos contidos que adoitan ser enviados por correo (o correo pode seguir enviándose, pero inclúe unha ligazón específica a este espazo onde se atopa a información)

**OBXECTIVO ESTRATÉGICO****PROGRAMAS**

COM_OE4: Mellorar a visibilidade da UDC e o seu posicionamento no exterior

P24_Com Unificación do *merchandising* e adquisición de *merchandising* oficial, incorporando criterios de compra verde e sustentabilidade ambiental e social nos produtos e prácticas deste tipo

P25_Com Potenciación do acceso ao calendario global UDC

P26_Com Segmentación e visualización por categorías das notas de prensa

P27_Com Creación dun boletín específico para empresas en coordinación coa OTRI


P28_Com Definir e desenvolver contidos audiovisuais adaptados aos diferentes públicos que se dirixa e impulsar a produción de videos corporativos elaborados dende a Unidade de Medios Audiovisuais da UDC

P29_Com Proxección da nosa imaxe en feiras de emprego (propias e externas) ou eventos

COM_OE5: Actualizar e potenciar a estratexia dixital e o uso das TIC

P30_Com Creación dun equipo de traballo multidisciplinar

P31_Com Programa formativo dirixido á mellora de competencias dixitais, adaptado aos distintos colectivos de usuarios e niveis de desempeño





10

Referencias



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FEUGA_ (2019) Perfís profesionais do futuro (2030)

Fundación CyD

<http://www.elmundo.es/especiales/ranking-universidades/>

<http://www.leidenranking.com/>

<http://www.rankingcyd.org/index>

<http://www.scimagoir.com/rankings.php>

<http://www.shanghairanking.com/rankings/gras/2021>

<http://www.topuniversities.com/universities/universidade-da-coru%C3%B1a#wur>

<http://www.umultirank.org/>

<http://www.urapcenter.org/>

<http://www.webometrics.info/es>

<http://www.4icu.org/>

<https://forbes.es/listas/166000/lista-forbes-estas-son-las-25-mejores-universidades-de-espana-2022/>

<https://greenmetric.ui.ac.id>

https://www.timeshighereducation.com/impactrankings#!/page/0/length/25/sort_by/rank/sort_order/asc/cols/undefined

<https://www.timeshighereducation.com/world-university-rankings/2020/young-university-rankings>

IGE (Instituto Galego de Estatística)

INE (Instituto Nacional de Estatística)

Informe Fundación CYD 2019 (dec. 2020)

Informe sobre o proceso de Acreditación do CIF (04/02/2020)

IUNE 2010-2019

IVIE (Grupo de Economía da Educación do Instituto Valenciano de Investigación Económica)

Journal Citation Reports

Observatorio do Sistema Universitario: SIU (Sistema Integrado de Información Universitaria)

OCDE

Pastor, J.M. ; Peralta, C. (2019). La contribución socioeconómica del sistema universitario español. Informe SUE 2018. IVIE (Grupo de Economía da Educación do Instituto Valenciano de Investigación Económica)

Plan de Financiamento do SUG (2016-2020)

Plan de Financiamento do SUG (2022)

Plan estratéxico do Campus Industrial de Ferrol –CIF– (2021-2025)

Plan estratéxico UDC (2013-2020)

POA UDC (2022)

RedOTRI

Scimago IR



11

Agradecimentos



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Queremos agradecerche o teu tempo e o teu esforzo, a Ti, que formas parte da comunidade universitaria como estudante, como PDI ou PAS e que participaches na elaboración deste Plan estratéxico 2022-2026.

Grazas por ser quen de reflexionar, ilusionarte e soñar o bonito futuro que temos como UDC.

Lembra: ti es parte da UDC e a UDC é parte de ti.

Por un futuro sustentable





ANEXOS



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Anexo I

Composición cualitativa dos diferentes grupos de traballo do plan estratéxico

DOCENCIA E APRENDIZAXE

Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente; vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade; e vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Oito decanos/as ou directores/as de centro ou persoa en quen deleguen

Dous directores/as de departamento

Dous membros do PAS

Dous representantes do alumnado

Director/a de Campus de Especialización

Representante do CUFIE/UTC

Representante do Consello Social

Adxunta de Titulacións

Adxunta de Estudantes, Participación e Empregabilidade

Adxunto de Planificación Estratéxica

INTERNACIONALIZACIÓN

Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación e vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente, ou en quen deleguen

Cinco decanos/as ou directores/as de centro

Dous directores/as de departamento

Dous membros do PAS

Dous representantes do alumnado

Representante da EID

INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Cinco decanos/as ou directores/as de centro ou persoa en quen deleguen

Dous directores/as de departamento

Catro directores dos centros de investigación

Dous membros do PAS

Dous representantes do alumnado

Representante OTRI/SERIN

Representante de Investigadores de Ciencia Excelente (ERC)

Dous representantes do Servizo de Biblioteca

Representante do Consello Social

Adxunto á Investigación

Adxunta á Transferencia

Adxunto de Planificación Estratéxica

Director/a de campus de especialización

Representante da ORI-Coruña

Representante da ORI-Ferrol

Representante do Consello Social

Adxunta de Proxección Internacional e Política Lingüística

Adxunto de Mobilidade e Convenios

Adxunto de Planificación Estratéxica

FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica e vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade

Catro decanos/as ou directores/as de centro

Dous directores/as de departamento

Xerente da UDC/ Vicexerente de Economía

Representante do Servizo de Xestión Financeira

Membro do PDI pertencente á Comisión de Asuntos Económicos

Dous membros PAS pertencentes á Comisión de Asuntos Económicos

Dous representantes do alumnado

Dous representantes de Infraestruturas (SAU)

Director da FUAC

Representante do Consello Social

Adxunto de Infraestruturas

Adxunto de Economía

Adxunto de Planificación Estratéxica

RESPONSABILIDADE SOCIAL E SUSTENTABILIDADE

Vicerreitora de Responsabilidade Social; vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte e vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade

Cinco decanos/as ou directores/as de centro

Dous directores/as de departamento

Director/a de campus de especialización

Dous membros PAS

Dous representantes do alumnado

Representante do Consello Social

Director UDC Saudable

Adxunto de Sustentabilidade


Adxunta de Cultura

Directora/Subdirectora da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)

Directora de Deporte

Adxunto de Planificación Estratéxica





Plan éstratéxico

2022 | 2026



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

